CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redacta e difunde textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpreta e, de forma guiada, valora o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresa oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns,		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Selecciona, organiza e aplica coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Planifica, participa e colabora en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixita	TI	65
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Utliza estratexias para mante unha conversa, tomar e ceder a palabra, resumir e resolver problemas.		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras,		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Explica estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación usando recursos e apoios físicos ou dixitais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Argumenta as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistra e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira,		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

Contidos

- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.

Finalmente, as tres primeiras unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais).
Ferramentas TIC.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Materiais de investigación e consulta.
Recursos audiovisuais en inglés auténticos.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
Blogue do docente.
Novelas históricas, gráficas, cómics...
Material funxible.
Aula Virtual do centro.
Mapas xeográficos e históricos.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou e grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos da Aula Virtual pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, gramaticais, literarios, de comprensión de textos e expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

Así mesmo, contéplase a proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai a abordar para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes.

Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha proposta didáctica para abordar a unidade.

Así mesmo, as docentes poderán detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, chuvia de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	5	5	15	25	10	10	5
Proba escrita	25	9	41	40	60	55	85	30	25	35
Táboa de indicadores	75	91	59	60	40	45	15	70	75	65

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	48
Táboa de indicadores	52

Criterios de cualificación:

Con respecto aá parte de lingua estranxeira esta terá un peso do 25% da nota global do ámbito sociolingüístico .As distintas probas que abarcan as catro destrezas (listening,writing,speaking ,reading and grammar) terán un peso na materia do 90% e o traballos realizados un 10%.

Os contidos de lingua galega e lingua castelá terán un peso dun 50% na nota global do ámbito. Desenvolveranse en 6 unidades que abarcarán o estudo do funcionamento da lingua, a creación oral e escrita, a educación literaria. Os contidos do bloque social terán un peso do 25% da nota global e desenvolveranse na unidade "Sociedades, territorios e retos do mundo actual" Todas as unidades didácticas desenvolveranse ao longo dos tres trimestres.

Para a avaliación dos contidos de lingua galega, lingua castelá e o bloque social realizaranse cada trimestre as seguintes probas:

- Tres probas escritas, que terán un peso na nota de 70%.
- Unha proba oral, de contido relacionado co currículo do ámbito social cun peso de 10% na nota.
- Traballo na aula sobre un libro de lectura de carácter literario ou social, 10% da nota.
- Observación do traballo na aula, caderno e realización de tarefas, 10% da nota.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas sobre os contidos traballados e que non se superaron e a preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas e previamente preparadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor) e o traballo entregado que será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos:

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente. En caso de non lograr recuperar por esta vía, realizaría unha proba final global.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o/a alumno/a deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación.

O alumnado, guiado polo docente, irá elaborando e traballando as preguntas e exercicios correspondentes a cada trimestre e realizará unha proba escrita trimestral segundo convocatoria oficial marcada en data polo centro. A nota da avaliación será o resultado da ponderación do 50% o exercicio escrito e 50% o traballo presentado e implicación do alumnado nas tarefas que se lle encomendan que será cuantificado segundo rúbricas:

Nota da avaliación = [(nota exame x50) + (nota traballo x50)] /100.

A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter o ámbito aprobado. Establécese un sistema de

redondeo tendo en conta que se o decimal é superior a 5 será á alza e será á baixa cando o decimal sexa inferior a 5. Se non aprobara o exame, realizaríase unha recuperación segundo estableza o docente.

A nota final de curso da materia pendente será o resultado da media dos exames escritos realizados durante o curso, polo tanto:

Nota final de curso: (Nota 1ª Av. + Nota 2ª Av.+ Nota 3ª Av.) / 3.

No caso de ser negativa, deberá presentarse á proba extraordinaria establecida polo centro.

Con respecto á parte de lingua estranxeira (polas súas particular características), considerarase aprobado na materia pendente todo alumno que na segunda avaliación do actual curso obteña unha valoración positiva.

No caso de ter suspensa a lingua galega ou a lingua castelá, ao tratarse de contidos comúns que van progresando na súa dificultade, e que se traballan no día a día na aula, recuperarán a materia pendente se aproban a primeira e segunda avaliación do curso 2022/23.

Para a recuperación de materias pendentes do bloque social deberán realizar as tarefas de recuperación trimestrais, coordinadas polo departamento de Xeografía e Historia e realizar probas de recuperación en base aos contidos desas tarefas.

En todo caso, o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores englobadas no Ámbito Lingüístico e Social superará esas materias se aproba o ámbito de 3º de PDC.

Se non logran aprobar as avaliacións do curso actual, os alumnos e alumnas coa materia pendente de cursos anteriores terán que presentarse ao exame final en xuño, que será global, é dicir, sobre os contidos íntegros do curso e cun peso do 100% na nota global.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.10 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación para a Igualdade.		
ET.2 - ODS.		
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.		

	UD 9	UD 10
ET.4 - Comprensión lectora.		
ET.5 - Expresión oral e escrita.		
ET.6 - A comunicación audiovisual.		
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.		
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.		
ET.9 - Educación emocional.		
ET.10 - A creatividade.		

Observacións:

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos, como por exemplo, o Proxecto de Igualdade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros literarios.	Actividades en colaboración coa biblioteca do centro levados a cabo en certas conmemoracións coma o Día do Libro ou nas Letras Galegas.			
Escape rooms	Actividades para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día da Poesía ou o Día de Rosalía.			
Excursións a Celanova, Santiago, Pontevedra.	Interdisciplinar. Realización de excursións para realizar rutas literarias e históricas.			
Charlas e conferencias.	Interdisciplinar. Asistencia a conferencias e charlas de interese histórico, literario, artístico.			
Visitas a museos, arquivos, bibliotecas, representacións teatrais...	Interdisciplinar. Excursións para visitar exposicións, representacións teatrais...			
Visita a espazos naturais, centros empresariais, fábricas...	Coñecemento da contorna.			
Obradoiros de creación	Obradoiro de regueifas, de creación teatral, de poesía...			

Observacións:

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina.

O desenvolvemento destas actividades conleva tres fases:

- Unha preparación previa.
- Un procedemento durante a mesma na que o alumnado sobre un cuestionario que se lle ofreceu debe ir recollendo os datos.
- Unha terceira fase consistente no feed-back na clase para comprobar o adquirido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	30
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concrétnanse en nove unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas dúas primeiras unidades de cada trimestre trataranse contidos dos catro bloques, mentres que a última de cada un deles se dedicará a realizar un proxecto didáctico sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Tendo en conta este marco, a proposta para o primeiro trimestre consistirá nun proxecto centrado na lusofonía (grafemas, dígrafos e expresións cotiás básicas da lingua portuguesa) e nos países lusófonos (localización, costumes, hábitos...).

No segundo trimestre a atención recaerá nas mensaxes e contidos que se difunden a través dos medios de comunicación e das redes sociais. Ao ser o inicio da adolescencia unha etapa especialmente vulnerable, é moi importante que o alumnado destas idades desenvolva o seu espírito crítico e sexa consciente dos riscos da Rede e do uso dalgúns destes medios.

As últimas semanas do curso destinaranse a preparar unha representación teatral, entendida esta como unha actividade lúdica que non só axudará a presentar os trazos do xénero dramático e a mellorar a competencia comunicativa do alumnado, senón tamén a potenciar a súa creatividade e o seu talento artístico.

Por último, cómpre salientar que os libros de lectura propostos para cada trimestre deberán abordar temáticas

diferenciadas e inserirse en distintos xéneros literarios. No primeiro proporase unha obra narrativa; outra obra narrativa e no terceiro un poemario.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1 Xogamos	Partimos do concepto da comunicación e os seus tipos para repasar e afondar nas regras xerais de acentuación. Tamén afondaremos no concepto de literatura e texto literario, así como nas clases de palabras e os seus elementos formativos. A avaliación inicial realizarase os primeiros días do curso.	7	10	X		
2	Unidade 2 Actuamos	Continuamos o esquema da UD anterior para deternos na comunicación oral e os seus tipos, que aproveitamos para afondar nas características das entrevistas. Tamén veremos os casos especiais de acentuación de ditongos, hiatos e tritongos, así como as formas de literatura popular que podemos atopar na nosa tradición. No ámbito da gramática, teremos contacto cos sintagmas.	7	8	X		
3	Unidade 3 Iguais e diferentes	Despois de atopar unha definición de texto e das súas características fundamentais, repasaremos as buscas nos dicionarios dixitais e observaremos as súas vantaxes sobre os dicionarios tradicionais. Deterémonos na acentuación diacrítica e traballaremos cos recursos estilísticos máis importantes. No ámbito da gramática veremos o suxeito e mais o predicado.	8	8	X		
4	Unidade 4 Á rúa!	Traballaremos os tipos de texto e as súas clasificacións; ademais, veremos as diferenzas entre o sentido literal e figurado das palabras, as diferenzas entre sons e letras na nosa lingua e noutras da contorna. No ámbito literario veremos as características dos distintos xéneros e traballaremos os diferentes tipos de oracións que empregamos no noso día a día.	10	10	X		
5	Unidade 5 O mar de todos	Empezaremos a unidade coas narracións e coas diferenzas entre tabú e eufemismo; continuaremos co son 'B' e a súa correspondente escrita coa grafía . No ámbito literario traballaremos os distintos temas que se poden tratar e comezaremos coa primeira categoría gramatical: o substantivo, a súa tipoloxía e clasificacións.	8	9		X	
6	Unidade 6 Club de lectura	Empezando a unidade coas narracións persoais do noso alumnado, traballaremos a monosemia e polisemia e veremos a grafía <v> que representa o son 'B'. Na gramática traballaremos o adxectivo cualificativo para falar das diferentes	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Unidade 6 Club de lectura	personaxes literarias que podemos crear e que enchen as nosas letras.	8	8		X	
7	Unidade 7 A música das palabras	Valéndonos da descrición e dos seus tipos, veremos os fenómenos da sinonimia e antonimia e o uso da grafa <h>; tamén comezaremos cos primeiros tipos de determinantes (artigos, demostrativos e posesivos) para ver con detalle o xénero literario da narrativa.	8	8		X	
8	Unidade 8 Cousas da familia	Comezamos coas descricións de persoas e de lugares para aprender como realizar un bo retrato de compañeiros; ademais, trataremos a grafa galega <x> e mais o dígrafo <ll>, continuaremos cos seguintes tipos de determinantes e finalizaremos a unidade estudando os subxéneros narrativos, achegándolle ao noso alumnado exemplos da nosa tradición literaria.	10	10		X	
9	Unidade 9 Campioas e campións	Partiremos das bases do diálogo para poñer en práctica as normas de debate con temas de interese para o alumnado. Veremos como funciona a homonimia e a utilidade dos signos de puntuación para que as nosas producións textuais teñan sentido completo e sexan fluídas de ler. Coa axuda dos pronomes, sobre todo persoais, darémoslle voz á banda deseñada, concretamente á galega.	8	8			X
10	Unidade 10 Polo planeta!	Grazas ao estudo da exposición traballaremos a exposición oral. Na gramática pararemonos na categoría gramatical do verbo, a hiponimia e hiperonimia e adornaremos os nosos textos coas comas e os puntos e coma. No ámbito da literatura estudaremos a lírica.	8	8			X
11	Unidade 11 En rede	Aproveitamos que vivimos nunha sociedade conectada para falar sobre a relación entre a Internet e a linguaxe que empregamos no noso día a día; veremos tamén os signos de puntuación de dous puntos e a raia. Retomamos conceptos da UD anterior e observaremos a conxugación verbal, as súas formas e paradigmas. Por último, na literatura, trataremos as distintas formas líricas e a tradición poética nas nosas letras.	8	8			X
12	Unidade 12 Día das Letras	Nesta última unidade falaremos dos xéneros xornalísticos e buscaremos exemplos galegos, así como sentaremos as bases para crear as nosas propias reportaxes. Traballaremos cos conceptos de campo e familia léxica e as comiñas e as parénteses. No ámbito da gramática veremos as categorías gramaticais	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Unidade 12 Día das Letras	restantes (preposicións, conxuncións, elementos de unión) e no literario coñeceremos máis polo miúdo o xénero teatral, a nivel escrito e posta en escena.	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1 Xogamos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.	PE	45
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...	TI	55
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía, expresa a súa opinión sobre un poema da súa elección e colabora na escrita dun poema colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
<ul style="list-style-type: none"> - Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Introducción á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.

Contidos

- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

Contidos

- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Orientacións pedagóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asignificativa. Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso. Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre: - O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo. - A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. - A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. - O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. - O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. - O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese. - A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional. - A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos. - A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de

contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers). - A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas. - A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos. - A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. - A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para aprofundar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual de texto: Lingua e Literatura, Obradoiro Santillana.VV.AA. Santiago de Compostela, 2023. Libros de lectura obrigatoria: 1º trimestre: Os dous de sempre (Castelao); 2º trimestre: Na fogueira dos versos (Antonio García Teijeiro); 3º trimestre: Regreso á illa de San Simón e As 9 cruces (Garaxe Hermético-Deputación de Pontevedra)

Materias complementarios:

Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia. Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia. Xerais. Vigo Méndez Álvarez, M^a Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais de Galicia. López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións. Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 RAG/ILG Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais de Galicia Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega. Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais de Galicia Torres Santomé, Jurjo (1995). Vázquez Freire, Miguel (1992). O Currículum. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais. Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais. Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais. A Coruña: Baía Edicións.

Outros espazos e materiais:

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de: - Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets... - Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc. - Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc. Tamén se debe contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (elevadores) Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes. Alén dos materiais citados tamén se recomentan outros recursos en formato dixital: - Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/> - Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinoceronte.gal/dicionario/> - Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do> - Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/> - Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html - O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/> - Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: <http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel. Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica. Esta proba, que parte dun texto literario, constará das seguintes partes: - Comprensión oral. O alumnado deberá responder, a partir da escoita ou visionado dun audio ou vídeo, preguntas sobre o seu contido. - Comprensión escrita. O alumnado deberá contestar preguntas fechadas sobre o contido dun texto escrito. - Producción oral. O alumnado realizará intervencións orais a respecto dos contidos e/ou temática do audio ou vídeo proposto. - Producción escrita. O alumnado realizará unha pequena composición escrita sobre o contido e/ou temática do audio ou vídeo proposto. Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido no nivel ou etapa anterior. Se fose posible, poderíase pasar un test sociométrico cuxos resultados nos servirán á hora de facer os agrupamentos para as diferentes actividades do curso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	18	16	18	16	18	100
Proba escrita	15	15	5	12	20	15	14
Táboa de indicadores	85	85	95	88	80	85	86

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial, nesta programación apostouse pola realización de proxectos e actividades comunicativas. Para aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada instrumento de avaliación. Realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación entre elas. Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso), sendo as probas escritas unha parte delas. Así pois, en cada trimestre haberá dúas probas escritas (70% do total da cualificación), unha proba de expresión oral para a comprobación deste ámbito de uso (10%), control do seu traballo na aula mediante a revisión de cadernos e o seu grao de interese e participación (10%) e a valoración da lectura comprensiva e reflexiva das obras de lectura obrigatoria (10%), que se contempla nas unidades didácticas correspondentes. Ademais, poderase obter ata 1 punto extra para a mellora da cualificación do alumnado que se sumará á cualificación global dos contidos obrigatorios. Esta nota pódese obter pola realización de tarefas de afondamento en calquera aspecto da materia e polo traballo de compromiso e implicación no fomento da lingua e cultura galegas. Exemplos destas tarefas poderían ser as que se enumeran a continuación ou calquera outra proposta pola profesora: lecturas voluntarias, traballos de investigación ou creación, participación nos proxectos do

EDL e compromiso do alumno/a co labor de dinamización da lingua galega, participación do alumno/a en actividades extraescolares e complementarias propostas pola docente. a) No tocante aos erros lingüísticos poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser: - Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).

Poderase tamén descontar con 0'2 puntos c/u. - Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u. - Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Descontos posibles de 0'05 puntos c/u. b) No que concirne á presentación de traballos ou probas escritas, descontaráselle ao alumno 1 punto por presentar unha caligrafía e/ou redacción deficientes, así como as reiteradas incorreccións relativas á coherencia, cohesión e adecuación que suporán unha penalización de ata un máximo de 2 puntos na súa nota final. O total da penalización por todos os aspectos relacionados nos apartados a) e b) corrección ortográfica, a expresión adecuada e a presentación correcta dos escritos non será superior aos 2 puntos. En caso de alumnado con DISLEXIA, poderanse aplicar as seguintes pautas específicas: -Penalizar só unha vez por tipo os erros de ortografía básica que se describen a seguir: r / rr // haber // bl cl fl gl pl / br cr gr pr // ll/y/i // m diante de b e p // s/x // ca que qui co cu / za ce ci zo zu // h // ga gue gui go gu /ja ge gi jo ju/ güe, güi // v/b // i en copretéritos (oíamos, saíades etc.) // nh (unha, algunha, etc.) // pret. imperfectos -aba // grupos-cc--ct- (mantemento, redución, vocalización) -Non penalizar os erros de ortografía non descritos no apartado anterior. -Penalizar só un de cada cinco os erros de acentuación. -Penalizaranse só un de cada tres erros repetidos en canto a: --erros de segmentación de palabras dentro da oración (unións e separacións incorrectas) --erros de inversión, rotación, substitución, adición ou omisión de letras, sílabas ou palabras --signos de puntuación Aínda que non penalicen todas as faltas cometidas, estas serán corrixidas. Así, marcaranse todas as faltas de ortografía detectadas e logo poderanse aplicar as penalizacións descritas anteriormente. A pesar do indicado anteriormente, se un exame ou un traballo é ilexible poderá ser cualificado cunha nota de 0. Unha proba considerárase suspensa se se detecta calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alleos). Polo tanto, o feito de copiar nun exame ou permitir que outras persoas copien, aínda que non sexan usados teléfono móbil, auriculares, chuletas... suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 na cualificación do mesmo, e sen dereito a repetición. Só se repetirán as probas fóra do día sinalado cando o alumnado achegue un xustificante médico ou outro xustificante oficial ou de forza maior.

Crterios de recuperación:

-Se aprobar todas as avaliacións, a nota final será a media das tres.

-Se non aproba algunha/s avaliación/s, pero ao facer a media obtén un 5 ou máis a nota resultante será a cualificación final.

-Se non aproba algunha/s avaliación/s e a media non lle dá para aprobar pero aproba a última avaliación, a nota obtida na 3ª avaliación será a nota final.

-Se non aproba algunha avaliación e a media non lle dá para aprobar, e non aprobou a última avaliación, deberá facer un exame con contidos das avaliacións suspensas. Se o exame é global (tres avaliacións suspensas), a nota obtida será a cualificación final. Se o exame só é de contidos trimestrais terá unha parte ou dúas (segundo o número de avaliacións suspensas) e cada parte terá unha nota. Esa/s nota/s fará/n media coas avaliacións aprobadas durante o curso.

->A/s proba/s de recuperación serán sobre os contidos íntegros do curso e cun peso do 100% na nota global, coa seguinte distribución: - Com. escrita: 40% - Func. da lingua: 40% - Lingua e sociedade: 10% - Educ. literaria: 10% Para preparar a/s proba/s de recuperación haberá exercicios de reforzo, pero non se terán en conta para as notas. Deberá obterse unha nota de cinco (5) ou máis para a súa superación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 7.7. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establece que: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que alude ao Plan de reforzo para as alumnas e alumnos que pasen de curso con materias sen superar: 1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. 2. O

plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno. 3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos: a) Identificación da alumna ou do alumno. b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar. A alumna ou alumno e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento. c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación. Serán os establecidos na PD, coas oportunas modificacións, se for necesario. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, que serán distintas ás empregadas habitualmente co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade na aula obriga a establecer uns mecanismos de seguimento máis ríxidos para que a alumna/o siga implicada/o na materia. e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: computadores portátiles, impresoras, libros de consulta, dicionarios dixitais ou en papel. Así mesmo, poderanse empregar outros medios dixitais como a aula virtual ou ABALAR. f) Tarefas para desenvolver, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar para a súa preparación as actividades propostas de cada unidade, que deberá entregar ao profesor/a do curso en que se ache actualmente para seren corrixidas e, ao mesmo tempo, para poder consultar e resolver dúbidas. g) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais). h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. Para a avaliación deste alumnado débense ter en conta os contidos impartidos na materia no curso anterior. Polo tanto, o plan de reforzo de materias pendentes deberá elaborarse considerando esas aprendizaxes e competencias non adquiridas. Aquelas actividades que non sexan susceptibles da súa repetición (presentacións, traballos colectivos etc.) serán adaptadas e avaliadas de modo que se poida comprobar a superación dos criterios de avaliación implicados. O alumnado coa materia suspensa de 1º de ESO recibirá, ademais de información, un caderno de exercicios para o reforzo dos contidos non superados. Este caderno, dividido en dúas partes, conformará o 50% da nota final. Para iso, cada parte deberá presentarse nestas datas: 15 de decembro e o 15 de marzo. O 50% restante calcularase a partir da nota do exame. Todo o alumnado fará unha proba final o 25 de abril. O alumnado que non entregue o caderno de actividades será cualificado atendendo só á nota do exame.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa. Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado». A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluír os seguintes apartados: a) Identificación da alumna ou do alumno. b) Relación das necesidades

educativas que motivaron a repetición do curso. c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior. d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan. f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias. g) Acreditación da información á familia. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento. Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan. Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS) No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE. Aínda que no momento da elaboración desta PD non se coñece a natureza dos alumnos e alumnas que cursarán esta materia, e aínda pendentes da avaliación inicial, logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo/a orientador/a, espérase contar cun alumno con TDAH e dous que, con toda probabilidade, van ter que ser propostos para unha ACS. Alén diso, en 2º áchase un alumno coa materia de 1º sen superar. A este alumno aplicaráselle o plan de reforzo que aparece descrito no apartado 5.3 desta programación. Ante esta situación as medidas concretas que se van aplicar son as seguintes: -Alumno con TDAH: aplicación do Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.

Entre as pautas e as estratexias que deben estar presentes no contorno da aula aplicaranse as seguintes actuacións: O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais. Implementaranse outras medidas como: -Alternar actividades teóricas con traballo práctico. -Antes de empezar unha actividade, explicarase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurase de que a entendeu todo o alumnado. -Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización. -Segmentar as actividades longas e limitar o número destas. -Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións. -Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral. -Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras. -Propor exercicios variados. -Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky. -Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.) En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte: -Reducir e fragmentar as actividades. -Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer. -Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral. -Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes. En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario: -Fixar as datas dos exames con suficiente antelación. -Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado. -Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación. -Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación. -Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos. -Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías). -Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador). -Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración. -Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño. -Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame. -Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos. -Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos. -Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame. Para o alumnado con previsión de lles aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola inspección educativa, o procedemento para a súa elaboración (Orde do 8 de setembro de 2021), será o seguinte: a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación en que conste o seu nivel de competencia curricular. Ese nivel de

competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico. b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumno e a xefatura do Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidírase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e a materia para adaptar. A xefa ou o xefe do Departamento de Orientación redactará e custodiará a acta desta reunión. c) Elaboración da proposta de adaptación da materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, se for o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con NEAE. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación. A xefatura do Departamento de Orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da citada Orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, excepto no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización. Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa. O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular. A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación na ESO. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación. A información sobre as avaliacións que se lles facilite ás familias reflectirá as cualificacións obtidas, segundo os criterios de avaliación que constan nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información contemplárase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do Departamento de Orientación, de elaborar e trasladar esa información. A duración das adaptacións propostas será dun curso. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito, logo de remitir a solicitude correspondente, a que o centro lles facilite unha copia da adaptación curricular autorizada. Ás ACS deste alumnado adaptaráselles os contidos e os criterios de avaliación. No primeiro caso, reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución e nos criterios de avaliación serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación da PD e na non aplicación de todos eles. No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1-A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2-A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3-O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4-A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5-A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET.6-A creatividade	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.7 - ET.7-Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET.8-O emprendemento social e empresarial					X	X
ET.9 - ET.9-A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.10 - ET.10-A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais: - a comprensión lectora - a expresión oral e escrita - a comunicación audiovisual - a competencia dixital - o emprendemento social e empresarial - o fomento do espírito crítico e científico - a educación emocional e en valores - a igualdade de xénero - a creatividade Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de regueifas e improvisación oral	Na segunda quincena do mes de outubro e na primeira de novembro terán lugar dous obradoiros de Regueifas nos que o alumnado voluntario participará, co gallo de ser seleccionado e poder representar, xunto con máis alumnado, o devandito centro educativo no certame de regueifas da zona.	X		
Visita didáctica a Santiago	Valoración da riqueza literaria e patrimonial da capital do país (Catedral, Panteón de galegos ilustres, Museo do Pobo Galego)		X	
Actividade de animación á lectura	Letras Galegas 2023 dedicadas a Luísa Villalta			X

Observacións:

Cómpre ter en conta que todas estas actividades teñen relación directa coa materia, polo que non se considerarán nin se inclúen aquí as actividades complementarias organizadas polo centro. As actividades que se desenvolven fóra do centro, contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais e deberán figurar na PXA do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros

1. Propiciouse un ambiente motivador na aula
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes. 21/11/2023 11:34:04 Páxina 36 de 39
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizarlas e comentalas na clase.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto os aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes". Estes indicadores

xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final. Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior. A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir: -Introdución -Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias -Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación. -Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos -A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia -Medidas de atención á diversidade -A concreción dos elementos transversais -As actividades complementarias -A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado. Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados: -A programación entregouse no prazo establecido normativamente. -O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre. -Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo. -Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos. -En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados. -Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados. -Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas. -Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias. -Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados. -Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD. -Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior. Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5.
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento. Na acta da última reunión do departamento recolléranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	38
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	39
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	40
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	43
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	44

1. Introducción

CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O IES Escolas Proval, que pertence ao concello de Nigrán, está situado no centro do Val Miñor: a 6km do centro de Nigrán, a 2km de Gondomar, a 5 km de Baiona e a 24 km de Vigo.

É esta unha comarca que nos últimos anos se caracterizou por unha evolución demográfica en crecemento e unha densidade de poboación alta, o que parece indicar a existencia dun movemento migratorio cara a Nigrán de habitantes procedentes sobre todo das áreas urbanas que converteron o Val Miñor na súa nova residencia, debido seguramente ás características da súa contorna natural e á súa proximidade á súa área de servizos, a un paso de Vigo.

Cómpre subliñar este aspecto xa que, desde o punto de vista sociolingüístico, distinguimos dous grupos ben diferenciados cuns hábitos lingüísticos distintos. Por un lado están os habitantes tradicionais das parroquias, cunha ampla maioría de galego-falantes, e por outro figuran os novos residentes, familias procedentes das zonas urbanas que instauraron a súa primeira ou segunda vivenda neste municipio e cunha traxectoria lingüística fundamentalmente castelá. Os usos de espazo, as necesidades de equipamento e infraestruturas, e os seus hábitos de vida son diferentes: a lingua de comunicación é tamén diferente.

Deste xeito, a convivencia destas dúas linguas, o galego e o castelán, responde a un comportamento máis de índole diglósica ca bilingüe e, aínda que en liñas xerais a diglosia xa non está tan marcada como en décadas anteriores, a súa vixencia xustifícase no mantemento da distribución xerárquica das funcións de cada lingua. Cada unha delas cumpre unhas funcións distintas e úsase en contextos e situacións diferentes: a lingua dos usos formais e prestixiados identificada cos núcleos de poboación máis céntricos e relacionados co nivel social medio-alto segue a ser o castelán, mentres que a lingua de usos informais e menos prestixiados, vinculados ás parroquias máis rurais e relacionados co nivel social medio-baixo é o galego.

Segundo as estatísticas do último estudo lingüístico feito no instituto, a ambientalidade lingüística do centro, reflexo do contexto familiar e comunitario do alumnado, é maioritariamente castelán. Unicamente dentro da aula, adoptando unha conduta lingüística imitativa da lingua empregada polo profesor/a é onde temos unha maior presenza do galego, o que pon de manifesto a importancia da capacitación do profesorado e das súas actitudes acerca da lingua.

CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA

O núcleo do currículo de Lingua galega e Literatura son as habilidades relacionadas coa adecuada interacción oral, escrita e audiovisual nos diferentes ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como coa promoción do hábito da lectura, a interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e da vida cotiá) e o coñecemento dun patrimonio cultural.

A reflexión explícita sobre o funcionamento da linguaxe proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes campos.

A finalidade da área oríentase cara á eficacia comunicativa, como favorecer o uso ético da linguaxe, de xeito que poña as palabras ao servizo da convivencia, a resolución crítica e dialogada de conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais, baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Desta maneira, contribúese ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída dos alumnos e alumnas ao finalizar a educación básica, co fin de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida.

Oriéntase ao alumnado cara ao recoñecemento da diversidade lingüística da nosa contorna, de España e do mundo, co fin de fomentar actitudes de aprecio á esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Para iso desenvólvese a produción, a comprensión e a interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación relacionadas coa tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos da comunicación persoal, educativa, social e profesional.

A área está organizada en catro bloques:

¿ As linguas e os seus falantes.

¿ Comunicación.

¿ Educación literaria.

¿ Reflexión sobre a lingua.

A Lingua galega e Literatura desta etapa conecta directamente coa de etapas anteriores, tanto en obxectivos como en criterios de avaliación e en contidos, dando continuidade na aprendizaxe e respectando o desenvolvemento psicolóxico e o progreso cognitivo dos alumnos e alumnas. O alcance destes obxectivos ao longo da etapa medirase a través dos criterios de avaliación e levarase a cabo a través da mobilización dun conxunto de contidos que integren coñecementos, habilidades e actitudes que garantan un estándar mínimo para todos os estudantes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	Nesta primeira unidade do curso pártese dunha situación de aprendizaxe, coñecida na contorna dos alumnos: o graffiti contemporáneo. Sinálase que xurdiu a mediados do século XX e que a súa orixe coincide coa comercialización de pintura en spray, secado rápido e moi resistente á intemperie. Traballaranse conceptos vinculados co vocabulario, a gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral etc. para finalizar elaborando unha revista de historietas, en forma de cómic, e realizando unha presentación dixital sobre os autores galegos máis recoñecidos.	10	11	X		
2	UNIDADE 2	A unidade céntrase na importancia da comunicación. A partir dos tipos de comunicación, trátase un dos xéneros máis discutidos: o xénero do terror, moi cultivado na literatura e no cinema. Incídese no uso do dicionario, na estrutura do sintagma nominal, na construción de textos e na literatura galega da Idade Media. Para finalizar, van realizar un álbum de pintura inquietante e van crear unha lista de reprodución con dez cancións. Desta maneira, construírán a realidade a través do coñecemento e o emprego da linguaxe.	8	10	X		
3	UNIDADE 3	Exponse nesta unidade unha reflexión sobre o Día Internacional da Non violencia, que se celebra o 2 de outubro; lémbrese o nacemento de Mahatma Gandhi, o líder hindú que defendeu e promoveu a resistencia pacífica contra as inxustizas. Incídese na importancia da linguaxe para resolver conflitos. En relación cos contidos, diferenciarán entre narración, descrición e diálogo, identificarán o sintagma nominal e o substantivo e coñecerán as cantigas de amigo. Proponse organizar un concurso de contos e crear un videopoema para unha canción, usando algúns recursos estilísticos, o que permitirá aos alumnos e alumnas adquirir habilidades que fomentan a creación de textos.	8	10	X		
4	UNIDADE 4	Nesta unidade, estúdanse os determinantes e a formación de palabras; e trabállanse algúns tipos de textos como transmisores de información persoal ou de interese literario. Préstase atención ao uso e goce da lectura, durante o tempo de lecer, de textos escritos, resaltando iniciativas como	8	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UNIDADE 4	Cruzamento de libros. Propónse buscar información en Internet sobre lugares, en Galicia, onde se poden deixar e recoller libros. Gravarase un audiolibro.	8	10	X		
5	UNIDADE 5	Nesta unidade, o alumnado vai analizar videoxogos ambientados en calquera período histórico ou civilización e mesmo en diferentes idades prehistóricas, centrando a atención nas características diferentes desde o punto de vista da comunicación e dos textos. A temática principal vai interrelacionar os contidos traballados na unidade coa reflexión sobre a comunicación e a vida en sociedade. Aplicaranse correctamente as normas ortográficas, e identificaranse os pronomes en textos orais e escritos.	9	10		X	
6	UNIDADE 6	Nesta unidade, pártese da importancia dunha presenza equilibrada de homes e mulleres en postos clave da política, a sociedade ou a empresa. A partir desta temática, farase unha pequena investigación para descubrir algúns feitos significativos; cos datos recadados, os alumnos escribirán un texto no que explicarán as súas conclusións, fomentando o desenvolvemento de actitudes e valores de igualdade. O texto argumentativo, a frase adxectiva e o estudo do adxectivo son contidos relevantes ao longo da unidade.	8	8		X	
7	UNIDADE 7	Nesta unidade, pártese dunha situación de aprendizaxe, relacionada coa contorna dos alumnos: os bosques de Galicia. Tratarase de enumerar bosques, xardíns ou paseos, na súa localidade ou preto dela, destacando o que a cada alumno e alumna lles gusta dunha maneira especial e explicando as especies de plantas que os forman. Vanse a traballar conceptos vinculados co vocabulario, a gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral etc. para finalizar elaborando un glosario de termos ambientais.	8	8		X	
8	UNIDADE 8	A unidade céntrase na comunicación como ferramenta das relacións sociais. Pártese da importancia de ter sentido do humor, sinalando que é moi saudable e facilita ser capaz de minimizar os contratempos ou situacións desagradables que se presentan. A partir dos tipos de comunicación, trabállanse a frase verbal, as relacións semánticas e a literatura no século XIX. Para finalizar, gravarán o podcast dun anuncio.	8	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	UNIDADE 9	Nesta unidade, pártese do coñecemento sobre bens materiais, inmateriais, naturais e mixtos, xa recoñecidos no noso país pola UNESCO. Van elaborar unha lista de manifestacións, cultura e tradicións galegas que os alumnos proporían para ser parte do Patrimonio Mundial. Vanse a traballar conceptos vinculados co vocabulario, a gramática, a ortografía, a literatura, a expresión oral etc. Incidirase, especialmente, na análise da publicidade e no deseño dos anuncios, no estudo do sintagma adverbial e o sintagma preposicional e no uso das abreviaturas léxicas.	9	9			X
10	UNIDADE 10	Esta unidade parte da investigación, a exposición e o debate, por parte dos alumnos e alumnas, do significado, semellanzas e diferenzas da realidade virtual, a realidade, a realidade aumentada e a mixta. Analizarase o significado do neoloxismo metaverso e dos dous elementos que forman o termo. A partir desta situación, trátase dos medios de comunicación e incítase a escribir unha carta ao director dun xornal. Trabállanse, especialmente, a noticia, a oración simple, as abreviaturas léxicas e a literatura de Rosalía de Castro. Para finalizar, os alumnos e as alumnas elaborarán un glosario dunha canción popular de hoxe.	8	7			X
11	UNIDADE 11	Exponse nesta unidade unha reflexión sobre os cruceiros; os alumnos e as alumnas deben atopar e explicar as partes que adoitan ter os cruceiros e o número aproximado de cruceiros en Galicia, indicando cales son os máis antigos. En relación cos contidos, especialmente, van analizar os xéneros xornalísticos, estudarán a oración simple e os complementos do verbo etc. Finalmente, os alumnos e as alumnas escribirán unha crónica, un comunicado de prensa e un poema que mostre a alegría pola chegada dalgunha innovación tecnolóxica a Galicia.	8	7			X
12	UNIDADE 12	Nesta unidade, pártese da situación xerada pola fenda dixital. Investigarase a situación de Galicia en cobertura e conexión a Internet de alta velocidade, comparándoo con outras comunidades autónomas. En relación cos contidos, especialmente, van analizar a comunicación en Internet, rexeitando o discurso de odio; estudarán a oración composta e as locucións e as oracións feitas. Finalmente, gravarán un	8	7			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	UNIDADE 12	vídeo defendendo os ODS e compoñerán a letra dun himno, utilizando os coñecementos adquiridos sobre os correspondentes aspectos da lingua e a literatura.	8	7			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación en diferentes soportes	PE	55
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender e valorar o sentido e calidade dun texto.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Avaliar a forma e o contido de textos escritos, valorando a eficacia dos procedementos de comunicación utilizados.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Identificar as nocións básicas do galego e do portugués, adoptanto unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valorar a información relevante en función das necesidades comunicativas do emisor e os procedementos utilizados.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Comprender a intención do emisor en textos orais.	TI	45
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar en comunicacións orais con actitude de cortesía.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de distintas fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usar adecuadamente as tecnoloxías dixitais.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar e corrixir os textos propios.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar e desterrar usos discriminatorios na lingua e a manipulación a través da linguaxe.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Utilizar estratexias para unha comunicación eficaz e respectuosa coas opinións alleas.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar a interpretación das obras lidas a partir das relacións co seu contexto.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar e corrixir os textos propios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Comprender e explicar as intencións comunicativas do emisor e os seus efectos no receptor.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Observar e comprender o funcionamento da lingua utilizando recursos informativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións.

Contidos

- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do

Contidos

- propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos.	PE	55
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Crear textos con precisión léxica, gramatical e ortográfica.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Contrastar a información de textos escritos, seleccionando fontes desde un punto de vista crítico.		
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Identificar as nocións básicas do galego e do portugués.	TI	45
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñecer e comprender a realidade lingüística de España.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar en interaccións orais no traballo en equipo e en situacións formais.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Mostrar actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos comprobando a súa fiabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	¿ Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.	PE	60
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Enriquecer os textos con precisión léxica e corrección gramatical.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	¿ Manter actitudes de participación activa, cooperación e cortesía lingüística, expresándose con precisión léxica, gramatical e ortográfica.		
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	¿ Coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	TI	40
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	¿ Adoptar unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	¿ Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.

Contidos

- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incor-poración progresiva da metalinguaxe específica.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4	10

- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
11	UNIDADE 11	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	¿ Comprender a intención do emisor en textos escritos.	PE	75
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	¿ Avaliar a forma e o contido de textos de diferentes tipos, valorando a eficacia dos procedementos de comunicación utilizados		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	¿ Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	¿ Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido das estratexias comunicativas e utilízalas na creación de textos.	TI	25
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
12	UNIDADE 12	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	¿ Avaliar a forma e o contido de textos escritos, valorando a eficacia dos procedementos de comunicación utilizados.	PE	60
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	¿ Interpretar e comprender o sentido dos textos escritos sobre temas de interese persoal, social e educativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	¿ Mostrar actitudes de escoita activa en procedementos comunicativos, comprobando a súa fiabilidade.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	¿ Manter actitudes de participación activa, cooperación e cortesía lingüística, expresándose con precisión léxica, gramatical e ortográfica.		
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	¿ Coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	¿ Adoptar unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	¿ Comprender a intención do emisor en textos orais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.

Contidos

- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos

I. Educación integral orientada a formar persoas

Indagadoras e analíticas.

Informadas e cultas.

Reflexivas e críticas.

Boas comunicadoras.

Colaboradoras e participativas.

Comprometidas e éticas.

Creativas.

Respectuosas e con mentalidade aberta.

II. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.

Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto?) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.

Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.

Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.

Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

VI. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Enfoque multidisciplinar e, aínda que cada área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinares que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

VIII. Integración de novos saberes:

Alfabetización informacional.

Competencias STEAM

Na área de Lingua Galega e Literatura, a orientación vén dada polo espírito da Competencia en Comunicación Lingüística; isto implica un enfoque comunicativo que debe presidir todas as situacións de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Lingua e Literatura 3º ESO. Proxecto Construindo Mundos. Editorial Obradoiro Santillana. Conexión á Rede. Materiais audiovisuais. Textos literarios.Biblioteca,

O libro de texto é a ferramenta básica para o desenvolvemento do traballo na aula. Proporciona información e recursos variados para o traballo na aula. Complétase con materiais de apoio como o Caderno Itinerarios de lectura e materiais para a avaliación e o reforzo.

Ofrece Situacións de aprendizaxe para cada unidade didáctica, adaptando os contidos ao contexto vivencial do alumnado.

Contamos con conexión á Rede, ordenadores e proxectores nas aulas. Estes recursos facilitan o acceso á información e a contidos audiovisuais, que se adecúan aos contidos da materia e aos intereses do alumnado.

Tamén realizamos saídas didácticas, para completar o traballo da aula con experiencias vivenciais de aprendizaxe (rutas literarias, teatro, museos, lugares históricos...)

A biblioteca do centro proporciónanos múltiples recursos de apoio, en especial para a educación literaria. Acceso ao fondo de libros; actividades de animación á lectura e creación (obradoiros de poesía, teatro, presentación de libros...)

Materiais para o alumnado:

Libro do alumnado.

Itinerarios literarios.

LibroMedia.

Materials para o profesorado

Libro de texto

Solucionario

Recursos didácticos (reforzo e apoio, ampliación e enriquecemento, avaliación, autoavaliación e solucionario das avaliacións).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

Do grupo da clase

Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnos con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe. Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

De cada alumno ou alumna en particular

Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.

Entrevistas.

Autoavaliación.

Rutinas de pensamento.

Cuestionarios de avaliación inicial.

Probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	8	8	8	9	8	8	8	9	8
Proba escrita	55	55	60	60	60	50	45	55	60	60
Táboa de indicadores	45	45	40	40	40	50	55	45	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	75	60	58
Táboa de indicadores	25	40	42

Criterios de cualificación:

Para a avaliación dos contidos realizaranse cada trimestre as seguintes probas:

- Tres probas escritas, que terán un peso na nota de 70%.
- Unha proba oral, de contido relacionado co currículo cun peso de 10% na nota.
- Proba escrita sobre un libro de lectura de carácter literario, 10% da nota.
- Observación do traballo na aula, caderno e realización de tarefas, 10% da nota.

Criterios de recuperación:

Ao ser unha materia con continuidade e de contidos progresivos, considerarase recuperada unha avaliación suspensa se se logran aprobar as seguintes e a nota media entre as cualificacións das tres avaliacións é igual ou superior a 5. No caso de que non se logre aprobar ao longo do curso e que a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5, o alumnado realizará actividades de recuperación e realizará unha proba final en XUÑO, que será global, é dicir, sobre os contidos íntegros do curso e cun peso do 100% na nota global.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Criterios para superar a materia pendente de cursos anteriores:

Todo o alumnado con materia pendente terá unha reunión a última semana de setembro, onde será informado sobre o procedemento para a recuperación da materia. Esa información tamén se dará por escrito. Ademais, proporcionaráselles todo o material necesario. Tamén se establece unha titoría semanal (previa cita) para aclaración de dúbidas.

O alumnado coa materia suspensa de 2º e/ou 1º de ESO, recibirá un caderno de exercicios para o reforzo dos contidos ou estándares non superados. Este caderno, dividido en dúas partes, conformará o 50% da nota final. O 50% restante calcularase a partir da nota do exame.

O alumnado que non entregue o caderno de actividades será cualificado atendendo só á nota do exame.

Por outra banda, ao tratarse de contidos comúns que van progresando na súa dificultade, e que se traballan no día a día na aula, recuperarán a materia pendente se aproban as avaliacións do curso 2022/23. De conseguir unha media de 4.5 ou máis, o alumnado estará aprobado. Se non a obtén, terá que presentarse ao exame final en XUÑO, que será global, é dicir, sobre os contidos íntegros do curso e cun peso do 100% na nota global.

6. Medidas de atención á diversidade

Preséntansenos dúas maneiras fundamentais de atender a diversidade: as regradas e as que se levan a cabo na aula, día a día, no propio grupo de clase:

En primeiro lugar, para terceiro de ESO ofrécese como medida organizativa de atención á diversidade o Programa de Diversificación Curricular (PDC).

En segundo lugar, en canto ás medidas de aula, é o profesorado quen debe planificar outras estratexias e actividades (en colaboración co equipo docente e atendendo as pautas indicadas polo Departamento de Orientación- que faciliten a integración das alumnas e alumnos con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas cabe salientar:

Traballo en proxectos que faciliten a integración, se as condicións socio-sanitarias o permiten.

¿ Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles), se as condicións socio-sanitarias o permiten.

¿ Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.

¿ Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais: os libros de Xerais empregados na aula conteñen actividades de atención á diversidade ao final de cada unha das unidades.

¿ Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica; por exemplo explicar e marcar claramente as tarefas dunha proba, nos casos de TDAH.

¿ Control de apuntamentos e axenda, así como recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.)

¿ Atención especial nos exames: marcar claramente (e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións (lectura do exame en voz alta), tempo extra, etc.

¿ Unificación das pautas metodolóxicas e formas posibles de avaliación con todo o profesorado do alumno ou alumna en cuestión.

¿ Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.

¿ Tarefas de recuperación adaptadas.

¿ Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega, sempre que sexa posible e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, participará no proceso de atención á diversidade e favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - En cada unidade didáctica aténdese aos elementos transversais nos contidos dos textos utilizados e en aspectos como o uso adecuado da linguaxe, e outros contidos que xa teñen carácter curricular dentro da materia. Polo tanto, os contidos transversais están presentes en todas as unidades didácticas en maior ou menor medida.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - En cada unidade didáctica aténdese aos elementos transversais nos contidos dos textos utilizados e en aspectos como o uso adecuado da linguaxe, e outros contidos que xa teñen carácter curricular dentro da materia. Polo tanto, os contidos transversais están presentes en todas as unidades didácticas en maior ou menor medida.	X	X	X	X

Observacións:

Como a educación ten como fin primordial o pleno desenvolvemento do alumnado, é dicir, a súa formación integral como ser humano no plano cognitivo, físico, corporal, social, psicolóxico e afectivo, ético e moral, por tanto, alén dos aspectos estritamente académicos (formación cultural), cómpre tratarmos os directamente relacionados co ser (físico e moral) e co ser no mundo e na sociedade (formación cívico-ética), que deben transmitirse de maneira organizada en cada etapa.

Así, por mor da súa natureza multidisciplinar, integramos a educación en valores na programación mediante diferentes actividades destinadas a que, á parte das destrezas comunicativas (expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC), o alumnado desenvolva a capacidade crítica cara a si mesmo e os demais, o emprendemento, o respecto etc., como, por exemplo, nas lecturas obrigatorias (onde é un aspecto básico da súa escolla), en debates, saídas extraescolares, charlas programadas, filmes ou textos, etc.

Ademais, o propio calendario escolar establece unha serie de datas relevantes relacionadas coa educación en valores que cómpre tratar nas clases.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro e concurso de regueifas	Actividade realizada no primeiro trimestre. Dirixida ao alumnado de ESO para traballar a creación oral en verso seguindo a cultura popular.	X		
A arte de contar.	Contos de medo que fan rir. Actividade realizada para celebrar o Samaín. a cargo do contacontos Celso Fernández Sanmartín. Dirixida a 3º de ESO e 1º de Bacharelato. Aproximación á cultura popular.	X		
Concurso de relato oral de medo. Do Samaín ao San Martiño, andan as ánimas polo camiño¿	Concurso de relatos orais para fomentar a creación oral en galego.	X		
RELATOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: Doulle voz ás silenciadas¿	Actividade de reflexión sobre a violencia de xénero. Forma parte das actividades do 25 de novembro, día contra a violencia de xénero. Educación para a igualdade.	X		
O Nadal en galego	Recuperación de personaxes e tradicións da nosa cultura arredor do tempo de Nadal e Aninovo.	X		
Día de Castelao	Celebración do nacemento de Castelao o 30 de xaneiro. Concurso de ilustración de relatos de Castelao.		X	
Celebración da Candeloria	Concurso de coplas de amor. Recuperación de tradicións da cultura popular no mes de febreiro.		X	
Festa do Entroido	Recuperación de tradicións populares. Concurso de carteis homenaxe ao Entroido tradicional.		X	
Día de Rosalía	Actividades diversas de aproximación e homenaxe á vida e obra da poeta. Recitais poético-musicais, elaboración de murais, obradoiro de interpretación teatral de textos de Rosalía, exposicións...		X	
Marzo: celebración do Día da Muller, do Día da Poesía e do Día do Teatro	Obradoiro de creación poética con Nuria Vilán. Convocatoria do Certame de Poesía Beatriz da Serra. Excursión para asistir ao teatro en Santiago.		X	
Celebración do Día do Libro	Exposición na biblioteca			X
Celebración do 25 de abril	Trocar armas por flores. A revolución dos caraveis. Aproximación á cultura portuguesa.			X
Festa dos maios	Batalla de versos "Versos Bravos"			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a Celanova ou algunha localidade con contidos relativos ao currículo escolar de 3º ESO	Ruta literaria: Curros. Historia de Galicia: a Romanización. a Idade Media, o Rexurdimento			X

Observacións:

As actividades realízanse desde unha perspectiva interdisciplinar en colaboración con outros departamentos e equipos de dinamización (EDLG, Biblioteca, Música, Igualdade, Ciencias Sociais, Filosofía...)

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades?
Queda claro o enfoque competencial.
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
A interdisciplinariedade é operativa.
Destaca o desenvolvemento de comportamentos éticos.
A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.

Descrición:

Utilízase unha táboa para a valoración dos anteriores ítems. Os graos de logro poden ser:

Excelente

Necesita revisión

Necesita reelaboración

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación seguindo os indicadores de logro establecidos na propia programación que establecerán a súa eficacia para o desenvolvemento do currículo e tamén tendo en conta o desempeño na aula. Os ítems que se valoran son os seguintes:

Desde o punto de vista curricular:

-Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula.

- A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades.
- Queda claro o enfoque competencial.
- As aprendizaxes instrumentais incorpóranse adecuadamente.
- A interdisciplinabilidade é operativa.
- Destaca o desenvolvemento de comportamentos éticos.
- A vinculación cos desafíos do século XXI e cos ODS está clara.
- Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e a autoavaliación.
- Os instrumentos de avaliación proporcionan información valiosa.

Desde o punto de vista do desenvolvemento na aula:

- O proceso levouse a cabo con fluidez.
- A temporalización foi adecuada.
- Os alumnos sentíronse motivados polos retos e desafíos que se expoñen.
- A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
- As actividades contribúen a que o alumnado alcance autonomía progresivamente.
- Hai espazo para a reflexión persoal e en grupo sobre o proceso de aprendizaxe.
- Prestou atención á expresión persoal dos alumnos.
- As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluídas.
- A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

A táboa de valoración servirános para facer o seguimento da programación. Os resultados e modificacións precisas recolléranse nas memorias de avaliación e farase o seguimento ao longo do curso nas reunións do departamento didáctico.

Nas memorias finais recolléranse as propostas de mellora para pór en práctica na planificación dos cursos seguintes.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O IES Escolas Proval, que pertence ao concello de Nigrán, está situado no centro do Val Miñor: a 6km do centro de Nigrán, a 2km de Gondomar, a 5 km de Baiona e a 24 km de Vigo.

É esta unha comarca que nos últimos anos se caracterizou por unha evolución demográfica en crecemento e unha densidade de poboación alta, o que parece indicar a existencia dun movemento migratorio cara a Nigrán de habitantes procedentes sobre todo das áreas urbanas que converteron o Val Miñor na súa nova residencia, debido seguramente ás características da súa contorna natural e á súa proximidade á súa área de servizos, a un paso de Vigo.

Cómpre subliñar este aspecto xa que, desde o punto de vista sociolingüístico, distinguimos dous grupos ben diferenciados cuns hábitos lingüísticos distintos. Por un lado están os habitantes tradicionais das parroquias, cunha ampla maioría de galego-falantes, e por outro figuran os novos residentes, familias procedentes das zonas urbanas que instauraron a súa primeira ou segunda vivenda neste municipio e cunha traxectoria lingüística fundamentalmente castelá. Os usos de espazo, as necesidades de equipamento e infraestruturas, e os seus hábitos de vida son diferentes: a lingua de comunicación é tamén diferente.

Deste xeito, a convivencia destas dúas linguas, o galego e o castelán, responde a un comportamento máis de índole diglósica ca bilingüe e, aínda que en liñas xerais a diglosia xa non está tan marcada como en décadas anteriores, a súa vixencia xustifícase no mantemento da distribución xerárquica das funcións de cada lingua. Cada unha delas cumpre unhas funcións distintas e úsase en contextos e situacións diferentes: a lingua dos usos formais e prestixiados identificada cos núcleos de poboación máis céntricos e relacionados co nivel social medio-alto segue a ser o castelán, mentres que a lingua de usos informais e menos prestixiados, vinculados ás parroquias máis rurais e relacionados co nivel social medio-baixo é o galego.

Segundo as estatísticas do último estudo lingüístico feito no instituto, a ambientalidade lingüística do centro, reflexo do contexto familiar e comunitario do alumnado, é maioritariamente castelán. Só dentro da aula, adoptando unha conduta lingüística imitativa da lingua empregada pola/o docente é onde temos unha maior presenza do galego, o que pon de manifesto a importancia da capacitación do profesorado e das súas actitudes sobre a lingua.

CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA

O núcleo do currículo de Lingua galega e Literatura son as habilidades relacionadas coa adecuada interacción oral, escrita e audiovisual nos diferentes ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como coa promoción do hábito da lectura, a interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e da vida cotiá) e o coñecemento dun patrimonio cultural.

A reflexión explícita sobre o funcionamento da linguaxe proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes campos.

A finalidade da área oríentase cara á eficacia comunicativa, como favorecer o uso ético da linguaxe, de xeito que poña as palabras ao servizo da convivencia, a resolución crítica e dialogada de conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais, baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Desta maneira, contribúese ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída dos alumnos e alumnas ao finalizar a educación básica, co fin de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida.

Oriéntase ao alumnado cara ao recoñecemento da diversidade lingüística da nosa contorna, de España e do mundo, co fin de fomentar actitudes de aprecio a esa diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística. Para iso desenvólvese a produción, a comprensión e a interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación relacionadas coa tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos da comunicación persoal, educativa, social e profesional.

A área está organizada en catro bloques:

- As linguas e os seus falantes
- Comunicación
- Educación literaria
- Reflexión sobre a lingua

A Lingua galega e Literatura desta etapa conecta directamente coa de etapas anteriores, tanto en obxectivos como en criterios de avaliación e en contidos, dando continuidade na aprendizaxe e respectando o desenvolvemento psicolóxico e o progreso cognitivo dos alumnos e alumnas. O alcance destes obxectivos ao longo da etapa medirase a través dos criterios de avaliación e levarase a cabo a través da mobilización dun conxunto de contidos que integren coñecementos, habilidades e actitudes que garantan un estándar mínimo para todos os estudantes.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	<p>Traballaranse os textos narrativos (definición e clases, elementos característicos, estrutura e características lingüísticas) e os textos descritivos (definición e clases, organización e recursos lingüísticos).</p> <p>Analizaranse as propiedades do texto, os mecanismos de cohesión e os marcadores do discurso.</p> <p>Os coñecementos permitirán ao alumnado participar no concurso de relato oral de medo (Samaín).</p> <p>Afondarase na creación de palabras: derivadas, compostas e parasintéticas.</p> <p>Coñecerase a poesía na época das Irmandades e a poesía de vangarda.</p> <p>Situación de aprendizaxe: a poesía como arma de combate (poema reivindicativo) e/ou a arte pola arte (haiku).</p> <p>Analizaranse o multilingüismo e as linguas maioritarias, minoritarias, dominantes e minorizadas.</p>	15	20	X		
2	UNIDADE 2	<p>Reflexionarase sobre a importancia do diálogo, que permitirá chegar a acordos e evitará conflitos. Inventarán conversas históricas que poderían cambiar o destino da humanidade.</p> <p>Analizarase a importancia da correcta elaboración dos textos prescritivos, conectándoa coa relevancia da sintaxe (a oración: tipos e constituíntes (suxeito e predicado). Abordaranse os calcos lingüísticos e os neoloxismos.</p> <p>A situación de aprendizaxe proporciona un vehículo para que o alumnado poida abordar os textos de diálogo, os teatrais e a prosa da época das confrarías.</p> <p>Traballarase o enunciado e as súas clases, e a diferenza entre préstamos lingüístico e estranxeirismo.</p> <p>Abordarase a prosa das Irmandades: Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Rafael Dieste. Iso permitirá ao alumnado participar no concurso Castelao cunha ilustración ou unha banda deseñada.</p> <p>Analizarase a realidade lingüística da península ibérica, con especial atención ao Estado español.</p>	15	16	X		
3	UNIDADE 3	Comprensión lectora sobre unha obra literaria do século XX ou XXI.	3	3	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UNIDADE 4	<p>Traballaranse os textos expositivos (concepto e estrutura, tipos, e trazos lingüísticos e formais) e os textos argumentativos (definición e finalidade, compoñentes, tipos de argumentos, estrutura e trazos lingüísticos).</p> <p>En sintaxe, afondarase nos complementos verbais e introduciranse na oración composta. E, en semántica, as relacións de sinonimia e antonimia.</p> <p>Situación de aprendizaxe: compoñer un rap-denuncia</p> <p>Coñecerán a Galicia no franquismo e a literatura galega no exilio. Dentro da poesía de 1936 a 1976, achegaranse á Xeración de 1936 e á Promoción de Enlace.</p> <p>Situación de aprendizaxe: organizar un recital poético con poemas dos autores e autoras da unidade ou dramatizar unha entrevista radiofónica.</p> <p>Analízase a variación lingüística, en especial a sociocultural e a situacional; e a variedade estándar.</p>	15	15		X	
5	UNIDADE 5	<p>Analizaranse os textos publicitarios e as súas técnicas e estratexias, e as novas tecnoloxías como ferramentas que achegan cada vez máis plataformas e formatos para contar unha historia. Incidirase na importancia dunha actitude crítica para evitar a manipulación. Dese xeito introdúcese a análise dos textos dos medios de comunicación e das oracións compostas (afondando na xustaposición e na coordinación)</p> <p>Situación de aprendizaxe: compoñer unha peza xornalística usando recursos da comunicación dixital.</p> <p>Afondarase nas relacións semánticas (homónimos, hiperónimos e hipónimos).</p> <p>No período de 1936 a 1976, achegaranse á poesía da Xeración das Festas Minervais, e á prosa das obras de Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole e Eduardo Blanco Amor.</p> <p>Situación de aprendizaxe: crear un vídeo baseado nunha obra (relato ou poesía) dos autores da unidade.</p> <p>Analízase a variación lingüística xeográfica, e os principais fenómenos que establecen os bloques dialectais no galego.</p>	15	15		X	
6	UNIDADE 6	Comprensión lectora sobre unha obra literaria do século XX ou XXI.	3	3		X	
7	UNIDADE 7	Traballaranse os textos xornalísticos de información (noticia e reportaxe), de opinión (editorial e artigo de opinión), e mixtos (crónica e crítica).	15	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UNIDADE 7	<p>Afondarase na oración subordinada (substantiva, adxectiva e adverbial), na distinción entre significado denotativo e connotativo, e nas palabras tabús e os eufemismos.</p> <p>Situación de aprendizaxe: deseñar a portada dun xornal.</p> <p>Abordarase, na prosa de 1936-1976, a Nova Narrativa Galega (características, autores e obras) e a obra de Xosé Neira Vilas. E introducirase a literatura en Galicia ante a chegada da democracia, prestando atención á poesía desde 1976 ata a actualidade.</p> <p>Situación de aprendizaxe: elaborar unha infografía sobre un dos autores da unidade. Afondarán na análise da relación entre o galego e a lusofonía.</p>	15	15			X
8	UNIDADE 8	<p>Analizarase a comunicación laboral: o currículo (definición e finalidade, estrutura e contido, características formais), a carta de presentación, o contrato e a entrevista de traballo.</p> <p>Situación de aprendizaxe: elaboración dun currículum e/ou unha carta de presentación.</p> <p>Estudarase a literatura en Galicia ante a chegada da democracia, prestando atención á prosa e ao teatro desde 1976 ata a actualidade.</p> <p>Abordarase a valoración social das linguas e os prexuízos lingüísticos.</p> <p>Situación de aprendizaxe: crear unha proposta de lecturas para o verán.</p>	15	15			X
9	UNIDADE 9	Comprensión lectora sobre unha obra literaria do século XX ou XXI.	4	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista da metodoloxía, ponse o foco nos seguintes aspectos:

I. Educación integral orientada a formar persoas...

- Indagadoras e analíticas.
- Informadas e cultas.
- Reflexivas e críticas.
- Boas comunicadoras.
- Colaboradoras e participativas.
- Comprometidas e éticas.
- Creativas.
- Respectuosas e con mentalidade aberta.

II. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista ambiental e social:

- Para educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.
- Todos os elementos débense orientar a que o alumnado reflexione sobre os retos do século XXI e deben contribuír á construción dun mundo mellor.

III. Proxecto conectado coa realidade que promove a aprendizaxe competencial. Para iso, cada unidade didáctica organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto...) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido en tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

IV. Aprendizaxe personalizada mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.

V. Avaliación formativa para avaliar todas as fases do proceso educativo, cunha gran diversidade de instrumentos, incluíndo a participación do propio estudante.

VI. Ensino dixital para desenvolver a competencia dixital do alumnado e tamén como ferramenta de ensino e aprendizaxe.

VII. Enfoque multidisciplinario e, aínda que cada área ten sentido propio, propóñense un gran número de dinámicas interdisciplinarias que contribúen a unha aprendizaxe profunda e que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais.

VIII. Integración de novos saberes:

- Alfabetización informacional.
- Competencias STEAM

Na área de Lingua Galega e Literatura, a orientación vén dada polo espírito da Competencia en Comunicación Lingüística; isto implica un enfoque comunicativo que debe presidir todas as situacións de aprendizaxe

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua e literatura 4ESO. Proxecto construíndo mundos. Editorial Santillana. 2023
PC con conexión á rede e proxector
Aula virtual con materiais diversos e enlaces a recursos
Libros de lectura
Diccionario da Real Academia Galega
Diccionario Digalego
Biblioteca

O libro de texto é a ferramenta básica para o desenvolvemento do traballo na aula, xa que proporciona información e recursos variados. Complétase con materiais de apoio como o caderno Itinerarios de lectura e materiais para a avaliación e o reforzo. Ademais, o libro de texto ofrece situacións de aprendizaxe, adaptando os contidos ao contexto vivencial do alumnado.

Contamos con conexión á rede, ordenador e proxector na aula. Estes recursos facilitan o acceso á información e a contidos audiovisuais, que se adecúan aos contidos da materia e aos intereses do alumnado.

O alumnado ten acceso a materiais de variada tipoloxía na aula virtual do centro (algúns interactivos).

A biblioteca do centro proporciona múltiples recursos de apoio. Ademais do acceso ao fondo de libros, realízanse actividades de animación á lectura e creación (obradoiros de poesía, teatro, presentación de libros...).

Tamén se realizarán saídas didácticas, para completar o traballo da aula con experiencias vivenciais de aprendizaxe (rutas literarias, teatro, museos, lugares históricos...)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

a) Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnado con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.

- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

b) De cada alumno ou alumna en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.
- Consulta dos informes académicos (XADE).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	3	15	15	3	15	15	4	100
Proba escrita	80	80	100	80	80	100	80	80	100	82
Táboa de indicadores	20	20	0	20	20	0	20	20	0	18

Criterios de cualificación:

Para este curso están previstas tres avaliacións parciais, e para o seguimento efectivo dos obxectivos programáronse:

- Probas escritas dos contidos tratados na aula (unha ou dúas por cada avaliación, segundo a evolución do curso e a dispoñibilidade de datas nos respectivos calendarios de exames e doutras actividades do alumnado). Estas probas constituirán o 70% da nota trimestral (10% A lingua e os seus falantes + 35% Educación literaria + 30% Reflexión sobre a lingua).

- Unha proba escrita sobre a lectura individual e obrigatoria de 1 obra por avaliación, que constituirá o 10% da nota global.

- Unha proba oral por avaliación que reflicta a competencia comunicativa oral do alumnado. Valórase co 10% da nota global e farase en cada un dos trimestres. Realizarase en grupos de 2 ou 3 alumnos (nalgunha avaliación poderá ser individual), terá unha duración aproximada de 3 minutos por persoa e estará relacionada cos bloques As linguas e os seus falantes ou Educación literaria. Algunhas das probas deberán acompañarse de presentación LibreOffice Impres ou equivalente, e/ou poderán ser solicitadas mediante arquivo de audio (.mp3 ou similar) ou de vídeo (.mp4 ou similar). Dese xeito poderanse avaliar outras competencias na mesma proba (CD, STEM...).

- O control do seu traballo de aula, así como o seu grao de interese, motivación e participación nas actividades da aula (e/ou do EDL). Valórase co 10% da nota global.

Se non se atende á corrección ortográfica, á expresión adecuada e/ou á presentación correcta dos escritos poderá aplicarse un desconto de ata 2 puntos (véxase máis abaixo o apartado Criterios de corrección escrita e utilización da lingua galega).

Se non se acada unha nota igual ou superior a 4.5, terase suspensa a avaliación e non se contempla ningún exame de recuperación ata xuño.

En xuño:

- Se aproba todas as avaliacións, a nota final será a media das tres.

- Se non aproba algunha/s avaliación/s, pero ao facer a media obtén un 4.5 ou máis a nota resultante será a cualificación final.

- Se non aproba algunha/s avaliación/s e a media non lle dá para aprobar pero aproba a última avaliación, a nota obtida na 3ª avaliación será a nota final.

- Se non aprobou algunha avaliación e a media non lle dá para aprobar, e non aprobou a última avaliación, deberá facer un exame de recuperación con contidos da/s avaliación/s suspensa/s.

Criterios de CORRECCIÓN escrita e utilización da lingua galega

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a presentación (lexibilidade da letra, espazado, limpeza, utilización de marxes), acentuación, ortografía, puntuación, corrección gramatical (tanto oracional como textual): desviacións da norma, construción oracional, concordancias, coherencia textual, adecuación, cohesión) e o léxico (desviacións da norma, abuso de palabras comodín) e, en xeral, calquera elemento que vaia contra as normas que rexen a correcta expresión escrita. Visto o anterior, ao alumno ou alumna que cometa calquera das faltas anteriores, restaráselle da puntuación da proba ou escrito ata un máximo dun 20 % da cualificación total da proba.

Estes son algúns exemplos de descontos por faltas nas probas escritas:

- FALTA LEVE (0,05 puntos)
 - Erros no tocante á acentuación xeral.
 - Emprego de formas dialectais alleas ó estándar vixente (*mañán).
 - Outros erros ortográficos: grupos cc, ct, s/x.

 - FALTA GRAVE (0,10 puntos)
 - Inapropiado emprego ou ausencia de acentuación diacrítica.
 - Emprego de grafías alleas ó galego (y).
 - Incorrecto uso de B ou V.
 - Incorrecta ausencia ou presenza de H.
 - Incorrecto uso de maiúsculas e minúsculas.
 - Incorrecto uso de signos de puntuación (falta, exceso, inadecuación).
 - Uso de desviacións da norma de uso frecuente como hiperenxebrismos, vulgarismos...
 - Asignación de xénero incorrecto a un substantivo.
 - Uso inapropiado das formas do pronome átono (te/che; o, a/lle).
 - Incorrecta formación de femininos e plurais.
 - Non realizar contraccións, facelo incorrecta ou innecesariamente.

 - FALTA MOI GRAVE (0,20 puntos)
 - Emprego de tempos verbais compostos.
 - Incorreccións na conxugación verbal.
 - Incorrecta colocación dos pronomes átonos.
 - Ausencia de artigo cos posesivos.
 - Construcións agramaticais, non concordancia e outros erros moi graves de tipo sintáctico.
 - Emprego de expresións claramente inapropiadas.
 - O emprego de abreviaturas do tipo xp, q., x., impropias da lingua escrita formal.
 - O emprego de solucións alleas ó sistema lingüístico galego (castelanismos, anglicismos, galicismos).
- Nos casos de avaliación oral establécense uns criterios de penalización por incorreccións lingüísticas similares e que non poderán superar o 20% da cualificación total da proba.

O alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba lle corresponderían o 40% de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

Outras especificacións:

Se un alumno ou unha alumna é sorprendido/a copiando ou facendo fraude nalgún exame ou proba, a nota que se lle outorgará nesa proba será un cero.

Criterios de recuperación:

En xuño, se non aprobou algunha avaliación e a media non lle dá para aprobar, e non aprobou a última avaliación, deberá facer un exame con contidos da/s avaliación/s suspensa/s.

- Se ten as tres avaliacións suspensas, o exame é global. A nota obtida nesa proba será a cualificación final.
- Se ten unha avaliación ou dúas suspensas, o exame só é de contidos trimestrais. E terá unha parte ou dúas segundo o número de avaliacións suspensas, e cada parte terá unha nota. Esa/s nota/s fará/n media coas avaliacións aprobadas durante o curso.

A/s proba/s de recuperación serán sobre os contidos íntegros do curso e cun peso do 100% na nota global (non haberá proba oral nin de libro...). A seguir repártense as porcentaxes que cada bloque ocupa na determinación da nota global:

Comunicación escrita 20% + Reflexión sobre a lingua 20% + As linguas e os seus falantes 15% + Educación literaria 45%

6. Medidas de atención á diversidade

Preséntansenos dúas maneiras fundamentais de atender a diversidade: as regradas e as que se levan a cabo na aula, día a día, no propio grupo de clase:

a) Para cuarto de ESO ofrécese como medida organizativa de atención á diversidade o Programa de Diversificación Curricular (PDC).

b) En canto ás medidas de aula, é o profesorado quen debe planificar outras estratexias e actividades -en colaboración co equipo docente e atendendo as pautas indicadas polo Departamento de Orientación- que faciliten a integración do alumnado con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas cabe salientar:

- Traballo en proxectos que faciliten a integración.
- Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles).
- Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.
- Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica; por exemplo explicar e marcar claramente as tarefas dunha proba, nos casos de TDAH.
 - Control de apuntamentos e axenda, así como recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.
 - Atención especial nos exames: marcar claramente -e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións (lectura do exame en voz alta), tempo extra, etc. Protocolo alumnado con dislexia.
 - Unificación das pautas metodolóxicas e formas posibles de avaliación con todo o profesorado do alumno ou alumna en cuestión.
 - Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
 - Tarefas de recuperación adaptadas.
 - Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega, sempre que sexa posible e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, participará no proceso de atención á diversidade e favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comunicación audiovisual	X
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.5 - A educación emocional en valores	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X
ET.7 - A creatividade	X

Observacións:

Como a educación ten como fin primordial o pleno desenvolvemento do alumnado, é dicir, a súa formación integral como ser humano no plano cognitivo, físico, corporal, social, psicolóxico e afectivo, ético e moral, por tanto, alén dos aspectos estritamente académicos (formación cultural), cómpre tratarmos os directamente relacionados co ser (físico e moral) e co ser no mundo e na sociedade (formación cívico-ética), que deben transmitirse de maneira organizada en cada etapa.

Así, por mor da súa natureza multidisciplinar, integramos a educación en valores na programación mediante diferentes actividades destinadas a que, á parte das destrezas comunicativas (expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC), o alumnado desenvolva a capacidade crítica cara a si mesmo e os demais, o emprendemento, o respecto etc., como, por exemplo, nas lecturas obrigatorias (onde é un aspecto básico da súa escolla), en debates, saídas extraescolares, charlas programadas, filmes ou textos, etc. A materia de Lingua galega e literatura préstase a que no día a día se traballen todo tipo de valores, ben sexa a nivel da convivencia na aula como a través das obras literarias e das vidas dos seus autores e autoras.

Ademais, o propio calendario escolar establece unha serie de datas relevantes relacionadas coa educación en valores que cómpre tratar nas clases.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro e concurso de regueifas	Creación oral en verso seguindo a cultura popular	X		
Do Samaín ao San Martiño, andan as ánimas polo camiño	Concurso de creación, e posterior gravación .mp3, de relatos orais de medo	X		
Buscadores novos de tesouros vellos	Recollida de relatos da tradición oral da contorna para o proxecto Cántame un conto	X		
Doulle voz ás silenciadas	Creación de relatos contra a violencia de xénero. Actividade de reflexión que forma parte das actividades do 25N.	X		
O Nadal en galego	Recuperación de personaxes e tradicións da nosa cultura arredor do tempo de Nadal e Aninovo.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día de Castelao	Celebración do nacemento de Castelao o 30 de xaneiro, con exposición e proxeccións sobre o autor e a súa obra.. Concurso de banda deseñada e de ilustración sobre relatos do autor.		X	
A Candeloria	Concurso de coplas de amor encadrado na recuperación de tradicións da cultura popular no mes de febreiro.		X	
O Entroido	Concurso de carteis homenaxe ao Entroido tradicional galego (recuperación de tradicións).		X	
Día da lingua materna	Certame comarcal de regueifas para o alumnado que participou nos obradoiros de regueifa		X	
Día de Rosalía	Actividades diversas de aproximación e homenaxe a Rosalía: recitais poético-musicais, elaboración de murais, exposicións...		X	
ARi(t)mar	Participación no proxecto aRi(t)mar		X	
Obradoiro de creación poética	Actividade de creación poética con Nuria Vilán (actos Día da muller)		X	
Brancaflor, a filla sabia do demo	Contacontos Fran Rei de Culturactiva (actos Día da muller)		X	
Poesía e paisaxe	Convocatoria Certame de Poesía Beatriz da Serra. Excursión para asistir ao teatro en Santiago		X	
O galego na xustiza	Asistencia a un xuízo en lingua galega		X	X
Semana do libro	Exposición na biblioteca. Conferencia de Alfonso Álvarez Cáccamo sobre a importancia das editoriais galegas para o desenvolvemento da literatura galega desde o Rexurdimento ata a actualidade			X
Trocar armas por flores	25 de abril: Revolución dos caraveis. Intervención poética e musical nos espazos do centro			X
Festa dos maios	Concurso de regueifa "Versos bravos": batalla de versos entre o alumnado regueifeiro			X
Homenaxe á cultura brasileira	Exposición de literatura, acto musical, gastronomía, mural sobre Brasil			X
Letras galegas 2024	Aproximación á obra de Luísa Villalta: exposicións, recital poético...			X
Pontevedra e a obra de Castelao	Visita ao museo de Pontevedra e coñecemento das pegadas de Castelao na cidade.			X
Ourense e a literatura galega	Visita a Ourense cidade (Xeración Nós e Blanco Amor), a Insua dos poetas, o pazo de Otero Pedrayo			X

Observacións:

As actividades realízanse desde unha perspectiva interdisciplinar en colaboración con outros departamentos e equipos de dinamización (EDNL, Biblioteca, Música, Igualdade, Club de poesía, club de lectura...).

Ao longo do curso organizarase algunha aproximación á literatura galega da man dos seus autores e autoras, e/ou outras actividades de animación á lectura segundo a oferta que as editoriais galegas teñan para este curso. Débese ter en conta que algunhas entidades van publicitando a súa oferta anualmente (e o curso abrangue o final dun e gran parte doutro que non se iniciou), ou trimestralmente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Metodoloxía empregada
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizouse a aula e aproveitáronse os recursos segundo as necesidades.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Clima de traballo na aula
Propiciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe das fillas ou fillos.
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia etc.).

Descrición:

Utilizarase unha táboa para a valoración dos anteriores ítems. Os graos de logro poden ser: óptimo, necesita revisión, necesita reelaboración.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Ademais, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	32
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	34
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	35
9. Outros apartados	35

1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, como a favorecer un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, afianzando a súa madurez persoal e intelectual.

O 1º obxectivo afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co fin de favorecer actitudes de aprezo á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística.

Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional.

Os obxectivos 2º e 3º refírense á comunicación oral; o 4º, á comprensión lectora; o 5º, á expresión escrita e, por último, o 6º pon o foco na alfabetización informacional.

Os obxectivos 7º e 8º resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula.

O 9º atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, e o 10º, refírese á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques:

1.«As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos.

2.«Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños.

3.«Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción.

4.«Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comunicación e linguaxe. Tipoloxía e análise textual. Lectura e comentario literario.	Comunicación oral e escrita (análise de textos, exposición oral, comentarios de lectura, etc.) Lectura de obras de literatura galega.	20	15	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Lingua e sociedade	A diversidade lingüística. Relacións entre as linguas. Sociolingüística da lingua galega.	5	6	X	X	X
3	O substantivo e o adxectivo. O pronome persoal.	Formas, funcións e usos do substantivo e do adxectivo. Formas, funcións e usos do pronome persoal.	10	10	X		
4	Artigos e determinantes.	Formas e uso dos artigos e determinantes.	5	5		X	
5	O verbo. O adverbio, a preposición e a conxunción.	Formas e uso correcto das formas verbais galegas. Formas e usos das palabras invariables.	10	10			X
6	Galego antigo e literatura medieval.	Coñecemento do contexto e da literatura medieval	15	20	X		
7	Séculos Séculos e Ilustración.	Coñecemento do contexto e da literatura dos séculos XV-XIX. Os inicios do pensamento galeguista.	10	15		X	
8	Rexurdimento e Rosalía de Castro.	O Rexurdimento. Contexto histórico e evolución do pensamento galeguista. A obra de Rosalía de Castro.	10	10		X	
9	Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.	Aproximación á obra de Curros e Pondal.	10	6			X
10	A literatura entre dous séculos. Entre o posrexurdimento e as Irmandades da Fala.	Contexto histórico: o agrarismo e o nacemento do nacionalismo. A literatura galega entre o posrexurdimento e as Irmandades da Fala. Noriega Varela. Ramón Cabanillas.	5	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comunicación e linguaxe. Tipoloxía e análise textual. Lectura e comentario literario.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identificación da idea principal e os procesos comunicativos básicos dun texto.	PE	35
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Elaboración dun texto conforme ás pautas establecidas en canto a contido e forma		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Creación de traballos básicos de investigación.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprensión do sentido global e as ideas principais de diferentes textos.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Aplicación de criterios propios na experiencia de lectura.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Expresión escrita da experiencia lectora.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Exposición de conclusións sobre unha experiencia lectora.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Uso non discriminatorio da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utilización de estratexias de resolución de conflitos.	TI	65
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valoración básica da forma e contido dun texto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Exposición oral planificada básica		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participación básica en interaccións orais.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identificación da intención básica dun texto.		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valoración crítica da forma e contido dun texto básico.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporación dalgún procedemento básico que permita mellorar un texto		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Avaliación básica do credibilidade dunha noticia		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Análise básica da experiencia lectora.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisión e corrección dos propios textos.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Comprensión das relacións entre o emisor e o receptor		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presentación de proxectos básicos de investigación sobre o funcionamento da lingua		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.

Contidos

- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Lingua e sociedade	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	Desenvolvemento de conceptos básicos sobre sociolingüística	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir dun suposto determinado.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identificación do uso discriminatorio da lingua.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Coñecemento de estratexias básicas para solucionar un conflito		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Desenvolvemento de exposicións orais formais sobre temas académicos.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participación adecuada en tarefas cooperativas	TI	70
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Presentación adecuada de traballos de investigación en diferentes soportes.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Valoración crítica da información obtida en diversas fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolvemento de exposicións orais formais sobre literatura galega e lusófona.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Corrección e mellora dos textos de creación propia		
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

Contidos

- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O principio metodolóxico do que partimos é o de axudar a formar persoas capaces de desenvolvérense con total autonomía e facilitarlles o camiño cara á vida profesional ou cara a estudos superiores. Así que o papel do profesorado é o de conducir e dinamizar o traballo do alumnado, deseñar e propoñer actividades coas que os e as estudantes poidan superar os obstáculos que se lles presenten na consolidación dos seus coñecementos, isto é, servir de mediadores e guías para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumnado, partindo do seu nivel de desenvolvemento, considerando tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

A finalidade é a estimular a capacidade de aprender a aprender e promover a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas, dándolle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica. Así, considerando o seu nivel de capacidade, procuramos contidos relevantes, organizados e relacionados tanto entre os diversos bloques de contidos coma entre as distintas materias.

Fomentamos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumnado, contribuíndo ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.

Promovemos o desenvolvemento de competencias básicas e específicas, facendo especial fincapé na adquisición de ferramentas de traballo (análise, esquemas, procura e selección de información significativa...) para que vaian articulando un modelo de aprendizaxe autónoma e poidan converterse en lectores e escritores competentes. Porén, non debemos esquecer que o alumnado, para potenciar a aprendizaxe, debe memorizar e afianzar o que se fai na clase para reforzar os contidos tratados e afianzar os coñecementos previstos no currículo.

Deste xeito, as diferentes estratexias metodolóxicas para o desenvolvemento deben encamiñarse a:

- Combinación no uso das diferentes destrezas comunicativas, fundamentalmente daquelas centradas na recepción e produción escritas e na reflexión sobre o funcionamento da lingua.
- Afondamento nos estudos iterarios e sobre a gramática da lingua galega.
- Combinación de soportes analóxico e dixital, sobre todo á hora de traballar as destrezas, tanto orais como escritas.
- Ampliación do estudo de contidos relacionados coa comunicación humana relacionadas coas catro destrezas fundamentais (escoitar, falar, ler e escribir).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Materiais didácticos

Os recursos didácticos constitúen as ferramentas que han guiar a aprendizaxe. Cómpre reparar que a diversidade do alumnado obriga a unha consecvente diversidade de recursos e espazos actualizándoos cando cumpra para responder á nova sociedade tecnolóxica. Con este fin, planificamos para este curso de bacharelato coas seguintes ferramentas metodolóxicas:

1. Libro de texto. Editorial Anaya.
2. Apuntamentos da aula virtual con recursos escritos e audiovisuais.
3. Lecturas: unha lectura obrigatoria por trimestre de entre as recomendadas pola profesora, que se recollen no plan lector.
4. Comentarios de texto guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e características máis relevantes destes, se ben tamén se deixa espazo para o comentario crítico totalmente libre.

5. Exercicios complementarios de gramática, relacionados coa morfosintaxe, a fonética e a semántica.
6. Materiais audiovisuais diversos asociados ao currículo da materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A comezo de curso realizarase unha proba de avaliación inicial con contidos de gramática, literatura e análise textual para determinar os coñecementos previos do alumnado sobre a materia que se desenvolverá ao longo do curso, así como para valorar a súa capacidade de expresión oral e escrita. Iso vai permitir adaptar os procesos de ensino-aprendizaxe aos trazos específicos e individuais do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	20	5	10	5	10	15	10	10	10	5
Proba escrita	35	30	90	90	90	60	84	60	55	40
Táboa de indicadores	65	70	10	10	10	40	16	40	45	60

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	62
Táboa de indicadores	38

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada trimestre será calculada do seguinte xeito:

- Bloque 1. As linguas e os seus falantes 10
- Bloque 2. Comunicación 35
- Bloque 3. Educación literaria 30 +10
- Bloque 4. Reflexión sobre a lingua 15

En cada trimestre haberá 3 probas escritas, unha exposición oral e tarefas diversas de afondamento e investigación:

- 75% Dúas probas con contidos de gramática, literatura e sociolingüística e comentario de textos.
- 10% Unha proba escrita dunha lectura obrigatoria trimestral establecida no Plan Lector.
- 10% Unha proba de exposición oral sobre un contido relacionado coa materia.
- 5% Valoración de tarefas relacionadas con contidos do currículo.

En toda proba ou actividade -oral ou escrita- terase en conta a corrección e riqueza lingüística, acorde ao nivel académico. Nos textos escritos valorarase a expresión (presentación, limpeza, caligrafía, corrección ortográfica e

normativa, coherencia e cohesión) e penalizarase ata un máximo de 2 puntos por erros segundo os niveis de gravidade:

- a) Erros moi graves (-0.2) como solucións alleas á lingua galega, tempos compostos, mala colocación dos clícticos, castellanismos...;
- b) Erros graves (-0.1) como solucións contrarias ás convencións ortográficas e á norma lingüística: mala utilización de b/v, h/-, a falta ou exceso de acentos, contraccións...;
- c) Erros leves (-0.05) como solucións discordantes co estándar: uso de abreviaturas, formas dialectais, formas coloquiais ou vulgares, vulgarismos etc.

No alumnado con DISLEXIA, aplicaranse as pautas establecidas pola CIUG. Neste caso, aínda que non penalicen todas as faltas cometidas, estas serán corrixidas. Así, marcaranse todas as faltas de ortografía detectadas e logo aplicaranse as penalizacións descritas anteriormente.

A proba oral será unha exposición oral planificada e deberá vincularse a algún aspecto do currículo ou da cultura-historia de Galicia. A duración será duns 5 minutos aproximadamente e avaliarase, entre outros aspectos, a preparación, a riqueza expresiva, a seguridade, a adecuación, coherencia e cohesión, a corrección lingüística, a linguaxe non verbal etc.

Outros criterios que se terán en conta:

- As probas, traballos e tarefas cunha presentación ou caligrafía que o fagan ilexibles cualificaranse cun 0.
- O alumnado que, eventualmente, poida perder o dereito á avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, terá dereito a asistir á clase e a unha proba final que se realizará nas dúas semanas anteriores á data da avaliación final.
- Unha proba considerárase suspensa por copiar, ou permitir que outras persoas copien. Iso suporá a retirada inmediata do exame, obtendo un 0 na súa cualificación.
- Só se realizarán as probas fóra do día sinalado cando se achegue un xustificante oficial que permita considerar que a ausencia foi por causa ou de forza maior.

Criterios de recuperación:

A avaliación será positiva cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5 en cada trimestre. A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

- O alumnado que non supere os obxectivos marcados para cada avaliación terá que presentarse á proba de recuperación final que terá lugar nas últimas semanas do curso:
 - Se só se suspende unha avaliación cunha nota mínima de catro (4) e se aproban as outras dúas, considérase aprobado, sempre e cando a media das tres sexa igual ou superior a cinco (5).
 - No suposto de non obter a media suficiente no caso anterior, ou de suspender só unha avaliación cunha nota menor que catro (4), terase que realizar unha proba de recuperación desa parte suspensa. Coa nova nota obtida para esa avaliación, considerárase aprobado sempre e cando a media das tres sexa igual ou superior a cinco (5).
 - Con dúas ou tres avaliacións suspensas haberá que presentarse a un exame ordinario de recuperación final (antes do 5 de xuño) e obter unha nota mínima de cinco (5). Esta proba recollerá toda a materia do curso conforme ás seguintes porcentaxes: gramática (40), literatura (35), sociolingüística (10) e análise textual (15).
 - O alumnado que non acade unha avaliación positiva nesta convocatoria ordinaria poderá presentarse a unha proba extraordinaria coas mesmas características e porcentaxes cá ordenaria a finais de xuño.
- A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado coa materia sen superar e preparación das probas extraordinarias.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Recuperación da materia pendente para o alumnado que cursa 2º de Bacharelato

O alumnado recibiu por escrito o 29 de setembro información sobre os contidos mínimos por trimestre, o procedemento e os instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación, e a posibilidade de atención en tutoría semanal para aclaración de dúbidas. E establecéronse unhas propostas de datas para as todas as probas, que o alumnado poderá modificar se o desenvolvemento do seu curso en 2º bacharelato e/ou imprevistos de forza maior así o fixesen necesario.

Logo da 3ª avaliación, a nota final será a media das tres. Se non consegue unha avaliación positiva, o alumnado ten dereito a unha proba de recuperación final en abril. E se non a superase haberá unha proba de recuperación extraordinaria en xuño.

Se o exame de recuperación é global (tres avaliacións suspensas), a nota obtida será a cualificación final. Se o exame só é de contidos trimestrais terá unha parte ou dúas (segundo o número de avaliacións suspensas) e cada parte terá unha nota. Esa/s nota/s fará/n media coas avaliacións aprobadas durante o curso.

Estas probas constituirán o 100% da nota, seguindo as seguintes porcentaxes:

Análise textual: 20%

Funcionamento da lingua: 35%

Lingua e sociedade: 10%

Educación literaria: 35%

Para a realización e corrección das probas, serán de aplicación as aclaracións aos criterios fixados na Programación para 1º bacharelato, entre as que está a penalización de ata 2 puntos que se poderá aplicar sobre as notas obtidas se non se atende á corrección ortográfica, á expresión adecuada e/ou á presentación correcta dos escritos.

—Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clícticos...).

Desconto 0'2 puntos c/u.

—Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0'1 c/u.

—Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.

Aplicaranse, de ser preciso, os criterios especiais para o alumnado con dislexia establecidos pola CIUG.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

A avaliación inicial, así como a progresión do alumnado en canto a competencias básicas en galego, permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - En cada unidade didáctica aténdese aos elementos transversais nos contidos dos textos utilizados e en aspectos como o uso adecuado da linguaxe, e outros contidos que xa teñen carácter curricular dentro da materia. Polo tanto, os contidos transversais están presentes en todas as unidades didácticas en maior ou menor medida.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - En cada unidade didáctica aténdese aos elementos transversais nos contidos dos textos utilizados e en aspectos como o uso adecuado da linguaxe, e outros contidos que xa teñen carácter curricular dentro da materia. Polo tanto, os contidos transversais están presentes en todas as unidades didácticas en maior ou menor medida.	X	X

Observacións:

Malia ser o galego unha materia instrumental na que se traballarán as catro destrezas, tamén se terán en conta outros elementos transversais, sobre todo a partir de textos, como a educación ambiental, educación para a saúde, para a paz, para o consumo, para a interculturalidade, para a sexualidade, para a igualdade, para a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas a Santiago, Ourense, Vigo e Celanova	Realización de actividades e visita a espazos relacionados coa literatura oral e escrita.	X	X	X

Observacións:

Primeiro trimestre

O alumnado participará nas actividades de recuperación e posta en valor da nosa cultura tradicional: Festa de Samaín e San Martiño e tradicións do Nadal (Apalpador, panxoliñas, cantos de Reis...)

Sesión de contacontos con Celso Fernández Sanmartín, que ofrecerá unha aproximación á literatura de tradición oral.

Segundo trimestre

Recuperación das tradicións culturais: celebración da Candeloria e da festa do Entroido.

Celebración do Día de Rosalía. O alumnado participará no recital poético e musical para ofrecer ao público unha aproximación á obra de Rosalía.

Saída didáctica a Santiago: visita ao Museo do Pobo Galego e Panteón de Ilustres, catedral, e casa de Rosalía.

Saída didáctica a Vigo para visitar os museos Liste e Quiñones de León.

Terceiro trimestre

Visita a Celanova, Vilanova dos Infantes, Aquis Querquennis e Santa Comba de Bande. Casa de Curros.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Marcaranse en 3 niveis de indicadores de logro. Nivel 0 (ningunha), Nivel 1(en parte), Nivel 2 (total)

Descrición:

O resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

Ademais, tamén se fará un seguimento por avaliación a través da aplicación Proens, que nos permitirá introducir modificacións, se for necesario, conforme aos seguintes criterios:

- Secuenciación das sesións previstas para cada unidade.
- Grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
- Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Recolleranse na memoria final.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015184	IES Escolas Proval	Nigrán	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	23
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O IES Escolas Proval, que pertence ao concello de Nigrán, está situado no centro do Val Miñor: a 6km do centro de Nigrán, a 2km de Gondomar, a 5 km de Baiona e a 24 km de Vigo.

É esta unha comarca que nos últimos anos se caracterizou por unha evolución demográfica en crecemento e unha densidade de poboación alta, o que parece indicar a existencia dun movemento migratorio cara a Nigrán de habitantes procedentes sobre todo das áreas urbanas que converteron o Val Miñor na súa nova residencia, debido seguramente ás características da súa contorna natural e á súa proximidade á súa área de servizos, a un paso de Vigo.

Cómpre subliñar este aspecto xa que, desde o punto de vista sociolingüístico, distinguimos dous grupos ben diferenciados cuns hábitos lingüísticos distintos. Por un lado están os habitantes tradicionais das parroquias, cunha ampla maioría de galego-falantes, e por outro figuran os novos residentes, familias procedentes das zonas urbanas que instauraron a súa primeira ou segunda vivenda neste municipio e cunha traxectoria lingüística fundamentalmente castelá. Os usos de espazo, as necesidades de equipamento e infraestruturas, e os seus hábitos de vida son diferentes: a lingua de comunicación é tamén diferente.

Deste xeito, a convivencia destas dúas linguas, o galego e o castelán, responde a un comportamento máis de índole diglósica ca bilingüe e, aínda que en liñas xerais a diglosia xa non está tan marcada como en décadas anteriores, a súa vivencia xustifícase no mantemento da distribución xerárquica das funcións de cada lingua. Cada unha delas cumpre unhas funcións distintas e úsase en contextos e situacións diferentes: a lingua dos usos formais e prestixiados identificada cos núcleos de poboación máis céntricos e relacionados co nivel social medio-alto segue a ser o castelán, mentres que a lingua de usos informais e menos prestixiados, vinculados ás parroquias máis rurais e relacionados co nivel social medio-baixo é o galego.

Segundo as estatísticas do último estudo lingüístico feito no instituto, a ambientalidade lingüística do centro, reflexo do contexto familiar e comunitario do alumnado, é maioritariamente castelán. Só dentro da aula, adoptando unha conduta lingüística imitativa da lingua empregada pola/o docente é onde temos unha maior presenza do galego, o que pon de manifesto a importancia da capacitación do profesorado e das súas actitudes sobre a lingua.

CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA

A materia de Lingua Galega e Literatura mantén en bacharelato unha continuidade coa etapa anterior, á vez que ten uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa. Así, a educación lingüística e literaria debe contribuir á madurez persoal e intelectual da mocidade; brindar os coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan participar na vida social e exercer a cidadanía democrática de maneira ética e responsable, así como capacitala para o acceso á formación superior e ao futuro profesional de maneira competente.

O obxectivo da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e a igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura en bacharelato marcan unha progresión a respecto dos da educación secundaria obrigatoria dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento a respecto da etapa anterior estriba nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados.

Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que incida nesta etapa na relación continua entre o pasado e o presente.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos

académicos e dos medios de comunicación. Os textos académicos son os que constrúen a formación científica e humanística de cada estudante nesta etapa; os textos dos medios de comunicación, os que os poñen en contacto coa realidade social, política e cultural do mundo contemporáneo. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento.

A respecto da competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. O desenvolvemento da educación lingüística e literaria exige nesta etapa unha maior capacidade de abstracción e sistematización, así como o manexo dunha metalinguaxe específica que permita unha aproximación máis reflexiva aos usos orais e escritos.

Para cada obxectivo fórmulanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado en cada un dos cursos. Teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama recursos e instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora. Dado o enfoque inequivocamente

competencial da educación lingüística, a gradación entre os dous cursos non se establece tanto mediante unha distribución diferenciada de saberes, senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de interpretación ou de produción requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos, ou o grao de autonomía conferido ao alumnado. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos dous cursos e continuidade evidente cos de etapas precedentes.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques: O primeiro, «As linguas e os seus falantes», afonda no recoñecemento da diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada

prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación», integra todos os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que deben acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgunhas obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona. Convida ao deseño, para cada un dos cursos, de itinerarios lectores

que serán obxecto de lectura guiada na aula e que inscriben os textos no seu contexto de produción e na tradición cultural, á vez que tenden pontes cos contextos contemporáneos de recepción. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón abordar a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada.

As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Galega e Literatura deben adestrar o alumnado no uso dos recursos que lle permitirán afrontar os retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas; capaces de facer un uso eficaz e ético das palabras; respectuosas cara ás diferenzas; competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; con capacidade para adquirir información e transformala en coñecemento, e para aprender por si mesmas, colaborar e traballar en equipo; creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sustentable e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural propio, a defensa dos dereitos humanos, e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado, convida ao tratamento integrado das linguas como a mellor canle para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, en que a miúdo deben de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

No marco galego, dada a proximidade xeográfica e os vínculos socioculturais entre Galicia e Portugal, a reflexión interlingüística no bacharelato cobra unha dimensión maior.

Así, os coñecementos básicos de portugués aprendidos na educación secundaria obrigatoria deberán ser o punto de partida para desenvolver contidos e estratexias que, alén de

facilitar a intercomunicación nos dous idiomas, favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional das mozas e mozos galegos. Con este fin, os centros educativos, a través do equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos e culturais entre o alumnado dos dous territorios (encontros, concursos, festivais...).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	<p>1. Comprensión e análise de textos: tema, resumo, título, intención comunicativa, esquema de ideas, estrutura, definición de palabras e explicación de expresións.</p> <p>2. Fonética e fonoloxía. O fonema. Trazos distintivos. O sistema vocálico e o sistema consonántico. A sílaba. Os trazos suprasegmentais.</p> <p>3. Acentuación gráfica, ditongos, tritongos e hiatos, pronome persoal e recoñecemento das categorías gramaticais.</p>	14	13	X		
2	Unidade 2	<p>1. O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.</p> <p>2. A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.</p> <p>3. A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.</p> <p>4. A prosa do primeiro terzo do século XX: as Irmandades da Fala e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).</p> <p>5. O teatro do primeiro terzo do século XX: Irmandades da Fala, vangardas e Grupo Nós.</p> <p>6. A historia da normativización e a construción da variedade estándar. Desviacións da norma e interferencias lingüísticas.</p> <p>7. As variedades diafásicas, diastráticas, diacrónicas e diatópicas do idioma galego.</p> <p>8. A diversidade lingüística da Península Ibérica.</p>	17	15	X		
3	Unidade 3	<p>1. Traballo de investigación do alumnado sobre a diversidade lingüística na Península Ibérica.</p>	3	3	X		
4	Unidade 4	<p>1. As propiedades textuais.</p> <p>2. O texto argumentativo.</p> <p>3. Repaso: tema, resumo, título, intención comunicativa, esquema de ideas, estrutura, definición de palabras e explicación de expresións.</p> <p>4. A estrutura da palabra: lexemas e morfemas. A formación de palabras.</p> <p>5. Semántica. Significado, denotación e connotación. Campo semántico. As relacións semánticas. O cambio semántico.</p> <p>6. Verbo, substantivo e adxectivo.</p>	16	13		X	
5	Unidade 5	<p>1. O galego de 1936 a 1978: características lingüísticas fundamentais. Contexto</p>	14	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5	histórico e situación sociolingüística. 2. A literatura do exilio entre 1936 e 1978: poesía, prosa e teatro. 3. A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais. 4. A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas). 5. O teatro galego entre 1936 e 1975: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. 6. Estereotipos e prexuízos lingüísticos. 7. A linguaxe inclusiva.	14	12		X	
6	Unidade 6	1. Traballo e exposición oral sobre os prexuízos lingüísticos.	3	3		X	
7	Unidade 7	1. Sintaxe: unidades, funcións e relacións sintácticas. A frase, a cláusula e a oración. 2. Artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, relativos, adverbios, preposicións e conxuncións. 3. Repaso: comprensión e produción textual.	15	12			X
8	Unidade 8	1. O galego a finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística. 2. O galego, lingua en vías de normalización. 3. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas. 4. A poesía de fins do século XX e comezos do XXI. Temas e autores dos anos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes. 5. A prosa de fins do século XX e comezos do XXI. Temas e autores dos anos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.	15	13			X
9	Unidade 9	1. Traballo sobre a literatura actual escrita por mulleres.	3	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, esquema de ideas, a intención comunicativa de textos de diferentes tipoloxías. Define palabras e explica expresións que aparecen neses textos.	PE	100
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Identifica os trazos fónicos máis relevantes da lingua galega. Identifica ditongos, tritongos e hiatos. Coñece e emprega adecuadamente as regras de acentuación. Identifica e explica valores e funcións dos pronomes persoais e emprégaos correctamente.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presenta os resultados da formulación de hipóteses e xeneralizacións de aspectos do funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Coñece os trazos que caracterizan as variedades diafásicas, diastráticas e diatópicas do galego. Coñece a construción da variedade estándar e os desvíos e interferencias que experimenta. Coñece semellanzas e diferenzas lingüísticas e sociolingüísticas das linguas da Península Ibérica.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Coñece e identifica as características temáticas e formais de textos literarios de diferentes xéneros e autores pertencentes ao primeiro terzo do século XX.	PE	100
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Contextualiza autores, obras (explicando o seu contido) e textos literarios de diferentes xéneros pertencentes ao primeiro terzo do século XX, e relaciónaos coa tradición literaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Coñece a diversidade lingüística da Península Ibérica e as diferenzas significativas entre algunhas das súas linguas.		
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Planifica e redacta textos académicos ben estruturados e cohesionados, respectando as regras ortográficas e gramaticais.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e intégrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Presenta un traballo de investigación cun contidos que se axusta ás pautas dadas pola docente.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Consulta e cotexa diferentes fontes de información e achega as súas referencias bibliográficas.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos e mellóraos utilizando os coñecementos sobre a lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora, sobre os temas de interese social e cultural propostos, textos adecuados, cohesionados, ben argumentados, con información pertinente e con coherencia discursiva.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura e a intención comunicativa de textos de diferentes tipoloxías. Define palabras e explica expresións que aparecen neses textos.		
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os mecanismos de cohesión textual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue palabras simples, derivadas, composta e parasintéticas. Diferenciaos procedementos de formación de palabras.		
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os conceptos de campo semántico, sinonimia, homonimia, antonimia, polisemia, hiponimia e hiperonimia, e é quen de empregalos e recoñecelos nas palabras do corpus léxico do galego.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Demostra dominar o uso do sistema verbal do idioma galego, nomeadamente dos verbos irregulares, semirregulares, do infinitivo conxugado e das perífrases verbais. Coñece as particularidades do substantivo e do adxectivo.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presenta os resultados da formulación de hipóteses e xeneralización de aspectos do funcionamento da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lin-guaxe. Valoración da forma e o contido do texto.
- Producción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Explica e refuta prexuizos e estereotipos lingüísticos e valora a riqueza cultural, lingüística e dialectal.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Identifica os usos discriminatorios e manipuladores da lingua e os eufemismos.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Coñece e identifica as características temáticas e formais de textos literarios publicados entre 1936 e 1975 de diferentes xéneros e autores.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Contextualiza autores, obras (explicando o seu contido) e textos literarios de diferentes xéneros pertencentes ao período comprendido entre 1936 e 1975.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Coñece e emprega a linguaxe inclusiva. Identifica e corrixe os abusos de poder a través da linguaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Utiliza estratexia para resolver mediante o diálogo os conflitos e a procura de consensos.	TI	100
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global, a estrutura e a información relevante en textos orais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora a forma e o contido de textos orais.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións e argumentación orais formais extensas sobre temas de relevancia académica e social con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e eficacia.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora, sobre os temas de interese social e cultural propostos, textos adecuados, cohesionados, con información pertinente e con coherencia discursiva.	PE	100
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura a intención comunicativa de textos de diferentes tipoloxías. Define palabras e explica expresións que aparecen neses textos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue entre a forma (categoría gramatical) e as funcións sintácticas da oración simple e composta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Relaciona a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Coñece e analiza o proceso de normalización lingüística do idioma galego.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Coñece e identifica as características temáticas e formais de textos literarios de diferentes xéneros e autores da Nova Narrativa Galega e de fins do século XX e comezos do XXI.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Contextualiza autores, obras (explicando o seu contido) e textos literarios de diferentes xéneros da Nova Narrativa Galega e de fins do século XX e comezos do XXI.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participa activamente no traballo en equipo.	TI	100
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Elixer e ler obras actuais das autoras escollidas para a elaboración do traballo.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Establece vínculos entre as diferentes autoras e/ou obras analizadas no traballo.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Desenvolve un proxecto de investigación guiado pola docente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Fai un uso correcto da lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre algúns aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos

procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.

- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...).

Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquiera unha maior proxección internacional.

- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.

- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquiera as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).

- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico como consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.

- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.

- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar as lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literario resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro Lingua e literatura 2º bacharelato. Editorial Xerais. 2023
Aula virtual con temas, esquemas e resumos, exercicios, enlaces a recursos, a novas de actualidade...
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. RAG. 2004
Diccionario da RAG (en liña)
Diccionario de pronuncia da lingua galega, do Instituto da Lingua Galega. (en liña)
A nosa fala. Gravacións dispoñibles no Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega.
Falo galego (recursos en liña)
aprendogalego.com (teoría e exercicios interactivos)
ogalego.eu (teoría e exercicios interactivos)
PC con conexión á rede e proxector
Biblioteca

En 2º de bacharelato é importante o manexo de diversas fontes de información, polo que se combina o uso do libro de texto cos distintos materiais descargables que o alumnado ten ao seu dispor na aula virtual do centro (temas elaborados, esquemas e resumos, enlaces a recursos, exercicios (algúns interactivos)...

Contamos con conexión á rede, ordenador e proxector na aula o que facilita o acceso á información e a contidos audiovisuais.

A biblioteca do centro proporciona múltiples recursos de apoio. Ademais do acceso ao fondo de libros, realízanse actividades de animación á lectura.

Tamén se realizarán saídas didácticas, para completar o traballo da aula con experiencias vivenciais de aprendizaxe (rutas literarias, museos, lugares históricos...)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

a) Do grupo da clase

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral. Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo. Tamén se incorporarán datos relativos a alumnado con necesidades especiais, discapacidades ou dificultades de aprendizaxe.
- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

b) De cada alumno ou alumna en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas.
- Autoavaliación.
- Rutinas de pensamento.
- Cuestionarios de avaliación inicial.
- Probas de avaliación inicial.
- Consulta dos informes académicos (XADE).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	17	3	16	14	3	15	15	3	100
Proba escrita	100	100	0	100	100	0	100	100	0	91
Táboa de indicadores	0	0	100	0	0	100	0	0	100	9

Criterios de cualificación:

Criterios de avaliación

En cada unha das tres avaliacións empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- Proba escrita (exame): 90% da nota de cada avaliación. Na 2ª e 3ª avaliación o exame pode conter ata un 40% da materia das avaliacións anteriores.
- Traballo de investigación, exposición, comentario e/ou análise: 10% da nota de cada avaliación.

Criterios de corrección escrita e utilización da lingua galega

En todas as probas, exames e traballos terase en conta a presentación (lexibilidade da letra, espazado, limpeza,

utilización de marxes), acentuación, ortografía, puntuación, corrección gramatical (tanto oracional como textual): desviacións da norma, construción oracional, concordancias, coherencia textual, adecuación, cohesión) e o léxico (desviacións da norma, abuso de palabras comodín) e, en xeral, calquera elemento que vaia contra as normas que rexen a correcta expresión escrita. Visto o anterior, ao alumno ou alumna que cometa calquera das faltas anteriores, restaráselle da puntuación da proba ou escrito ata un máximo dun 20 % da cualificación total da proba. Estes son algúns exemplos de descontos por faltas nas probas escritas:

- FALTA LEVE (0,05 puntos)

- Erros no tocante á acentuación xeral.
- Emprego de formas dialectais alleas ó estándar vixente (*mañán).
- Outros erros ortográficos: grupos cc, ct, s/x.

- FALTA GRAVE (0,10 puntos)

- Inapropiado emprego ou ausencia de acentuación diacrítica.
- Emprego de grafías alleas ó galego (y).
- Incorrecto uso de B ou V.
- Incorrecta ausencia ou presenza de H.
- Incorrecto uso de maiúsculas e minúsculas.
- Incorrecto uso de signos de puntuación (falta, exceso, inadecuación).
- Uso de desviacións da norma de uso frecuente como hiperenxebrismos, vulgarismos...
- Asignación de xénero incorrecto a un substantivo.
- Uso inapropiado das formas do pronome átono (te/che; o, a/lle).
- Incorrecta formación de femininos e plurais.
- Non realizar contraccións, facelo incorrecta ou innecesariamente.

- FALTA MOI GRAVE (0,20 puntos)

- Emprego de tempos verbais compostos.
- Incorreccións na conxugación verbal.
- Incorrecta colocación dos pronomes átonos.
- Ausencia de artigo cos posesivos.
- Construcións agramaticais, non concordancia e outros erros moi graves de tipo sintáctico.
- Emprego de expresións claramente inapropiadas.
- O emprego de abreviaturas do tipo xp, q., x., impropias da lingua escrita formal.
- O emprego de solucións alleas ó sistema lingüístico galego (castelanismos, anglicismos, galicismos).

Nos casos de avaliación oral establécense uns criterios de penalización por incorreccións lingüísticas similares e que non poderán superar o 20% da cualificación total da proba.

O alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba lle corresponderían o 40% de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

Redondeo para establecer a nota do boletín:

- De 0,00 a 0,74 --- 0
- De 0,75 a 1,74 ---- 1
- De 1,75 a 2,74 ---- 2
- De 2,75 a 3,74 ---- 3
- De 3,75 a 4,74 ---- 4
- De 4,75 a 5,74 ---- 5
- De 5,75 a 6,74 ---- 6
- De 6,75 a 7,74 ---- 7
- De 7,75 a 8,49 ---- 8
- De 8,50 a 9,39 ---- 9
- De 9,40 a 10 ---- 10

Outras especificacións:

Se un alumno ou unha alumna é sorprendido/a copiando ou facendo fraude nalgún exame ou proba, a nota que se lle outorgará nesa proba será un cero.

Criterios de recuperación:

Recuperación da materia

a) Avaliación trimestral

Farase un exame de recuperación de cada avaliación a aquel alumnado que non acadou os 5 puntos de nota media.

Se o traballo de investigación tamén o tiña suspenso, fará recuperación del coa debida adaptación ás circunstancias (individual e non de grupo, extensión máis reducida de ser o caso etc.).

b) Avaliación final

A cualificación final obterase do cálculo da nota media das tres avaliacións á que se lle aplicará o redondeo anteriormente explicado.

O alumnado que teña unha nota de 5 ou superior está aprobado e non precisará facer máis probas de avaliación.

O alumnado que despois do cálculo da media aritmética das tres avaliacións e das recuperacións trimestrais non acadou os 5 puntos fará un exame global de recuperación no mes de maio.

Tamén haberá unha proba de recuperación global na convocatoria extraordinaria de xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado.

Despois da avaliación inicial recompilarase a información obtida sobre cada grupo co fin de coñecer o seu funcionamento desde distintos puntos de vista: nivel de disciplina e atención, fortalezas que se identifican en canto ao desenvolvemento de saberes e competencias, necesidades que se puidesen identificar.

A partir da obtención desta información planifícanse as estratexias metodolóxicas, a xestión de aula, as competencias prioritarias que hai que practicar no grupo e os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

En todo o proxecto combínanse procesos cognitivos variados, adecuándonos aos diversos estilos de aprendizaxe do alumnado. Os exercicios, actividades e tarefas propostas servirán para contribuír a que o alumnado adquira as aprendizaxes de maneira progresiva, partindo da reprodución e o coñecemento, ata acadar procesos cognitivos que contribúen a aprendizaxes máis profundas a partir das tarefas propostas. Para conseguilo, empregáranse fichas de tipo competencial, de exercitación e de afondamento.

A seguir, recollemos unha serie de implicacións para proporcionar unha resposta adecuada ás necesidades de alumnado con TDAH, TEA ou dislexia nos exames ou probas escritas:

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Que os exames escritos conteñan preguntas claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Buscar a forma máis idónea para realizar os exames, debido ás dificultades de escritura que poidan presentar.
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto para os exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Poñer cada pregunta nunha folla.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual			X			X		
ET.2 - A competencia dixital			X			X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - O emprendemento social e empresarial			X			X		
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico		X			X			X
ET.5 - A educación emocional en valores					X			
ET.6 - A igualdade de xénero					X			
ET.7 - A creatividade			X			X		

	UD 9
ET.1 - A comunicación audiovisual	X
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	
ET.5 - A educación emocional en valores	X
ET.6 - A igualdade de xénero	
ET.7 - A creatividade	X

Observacións:

O Decreto do currículo de Bacharelato establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de BAC, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizadas en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Pontevedra e a obra de Castelao	Visita ao museo de Pontevedra e coñecemento das pegadas de Castelao na cidade.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Metodoloxía empregada
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Clima de traballo na aula
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de lectura etc.).
Informouse da evolución do alumnado nos casos precisos.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos na memoria de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, na memoria de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora, se fosen necesarias, para pór en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados